DEPUTACION
DA CORUÑA
www.dicoruna.es

CONCELLO DE SANTIAGO

CONCELLARÍA DE IGUALDADE



CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

# III PLAN DE IGUALDADE



2009 - 2011

CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

# III PLAN DE IGUALDADE



Mellorar a calidade de vida do conxunto da poboación de Santiago de Compostela é o reto fundamental que debe enfrontar a Administración local. Un reto que resposta aos intereses de construír unha sociedade xusta, democrática e igualitaria consonte cos parámetros de desenvolvemento propios do terceiro milenio.

Este compromiso, asumido polo Concello de Santiago, constitúe a pedra angular da acción política municipal e conduce a establecer todas as actuacións necesarias que permitan modificar a situación desigualitaria de partida entre mulleres e homes.

Conseguir este cambio estrutural que conduza ao decisivo progreso social require apuntalar as boas prácticas implantadas e corrixir as desigualdades que aínda perviven nas relacións entre os homes e mulleres. Esta modificación social virá dada polo esforzo conxunto de todos os estamentos tanto públicos como privados e da sociedade civil.

E neste camiño de implicación e compromiso, é a Administración quen está chamada a servir de modelo para outras entidades e organismos e quen ten a responsabilidade diante da cidadanía de Santiago de Compostela de artellar novas fórmulas de traballo e novos instrumentos que permitan modificar os mecanismos económicos, sociais, políticos e históricos responsables da eternización da desigualdade.

Co presente Plan de Igualdade do Concello de Santiago de Compostela (2009-2011) preténdese dar un paso máis para conseguir neutralizar os mecanismos que perpetúan a desigualdade e posibilitar un presente máis xusto e un futuro exento de discriminacións que sitúe aos homes e tamén ás mulleres como suxeitos activos da construción municipal.

Xosé A. Sánchez Bugallo

Alcalde de Santiago de Compostela



A lexislación actual, os estudos e os recursos existentes en materia de igualdade dan resposta ao empeño de amplas capas da sociedade  en rematar coas deficiencias que en relación co pleno desenvolvemento de mulleres e homes perviven no noso ámbito. A busca e aplicación de instrumentos eficaces que permitan corrixir situacións desigualitarias require paralelamente un impulso que acelere a mutación paulatina das normas sociais que presentan determinadas desigualdades por razón de sexo como algo natural, irrelevante e aínda, ás veces, desexable.

A necesidade de articular marcos de actuación para a introdución do principio de igualdade no ámbito municipal que impidan a pervivencia de estereotipos obsoletos, levou ao Concello de Santiago de Compostela a elaborar o presente III Plan de Igualdade. Un documento realizado en estreita colaboración entre as Concellerías municipais que contou ademais coa imprescindible participación de entidades cívicas e cidadás no deseño e concreción dos obxectivos e medidas a desenvolver nos próximos anos.

Esta colaboración e conxunción de esforzos non se ve limitada á elaboración do presente documento senón que vén acompañada polo compromiso, tanto da totalidade das Concellarías municipais como das entidades e organizacións socias, de implicación no seu desenvolvemento e posta en marcha, na súa implementación e na súa avaliación permanente.

Este esforzo conxunto ten como obxectivo a introdución do principio de igualdade en todos os ámbitos, reto que se debe afrontar desde as políticas públicas incorporando á práctica cotiá ferramentas que garantan o éxito na abordaxe de proporcionar un trato equitativo, paritario e solidario a homes e mulleres desde criterios de eficacia, eficiencia e calidade.

Mar Martín García

Concelleira Delegada de Benestar Social e Igualdade

## ANTECEDENTES

No marco das políticas de igualdade o Concello de Santiago de Compostela presenta o seu III Plan de Igualdade entre mulleres e homes que constitúe unha ferramenta esencial para a consolidación dos avances que en materia de promoción igualitaria da totalidade da poboación de Compostela se foron acadando ao longo dos últimos anos.

Os esforzos realizados a través da elaboración e implantación do II Plan de Igualdade do Concello presentan resultados positivos en todas as áreas de actuación formuladas o cal non só é motivo de satisfacción para a poboación en xeral senón que constitúe un alicerce para continuar traballando e establecendo sinerxias no camiño de introducir de forma transversal o principio de igualdade en todas as actuacións a desenvolver polo Concello compostelán.

Neste segundo plan de igualdade o esforzo centrouse sobre ámbitos relacionados coa educación, coa participación laboral, coa conciliación, coa prevención da violencia ou o traballo dende a perspectiva de xénero no tecido asociativo, desenvolvendo as súas actuacións nas seguintes áreas de traballo concretas:

1. Conciliación da vida laboral e familiar.
2. Educación-formación-emprego.
3. Mocidade.
4. Asociacionismo.
5. Prevención da violencia de xénero.

A avaliación realizada polo persoal técnico do Concello de Santiago dos resultados deste plan permite concluír que, se ben a execución e aproveitamento do plan se revelaron como axeitados, e os obxectivos formulados foron en termos xerais acadados, a realidade sociolóxica da sociedade compostelá (tal e como sucede coa realidade social global) invita a:

- Seguir afondando e mellorando as liñas de traballo xa existentes en prol da igualdade.
- Abrir novas frontes derivadas da cambiante realidade e das necesidades cambiantes do tecido social, particularmente das mulleres.

Tras esta avaliación considérase polo tanto necesario continuar incrementando os niveis de igualdade entre mulleres e homes baseándose fundamentalmente na aplicación transversal da perspectiva de xénero tanto nas políticas que afectan directamente á cidadanía como nas políticas e actuacións xerais a desenvolver polo Concello.

O principio de transverslidade debe englobar os diversos programas e iniciativas combinando medidas específicas con políticas destinadas a promover a igualdade cun enfoque integrador que abranga todos os ámbitos. Este compromiso implica marcar as directrices na definición de actuacións nas esferas obxecto de intervención no III Plan de Igualdade, esferas que se enmarcan na análise dos datos sobre a situación das mulleres e dos homes de Santiago de Compostela.

Pero a aplicación do principio de transversalidade require unha serie de condicións para o seu adecuado desenvolvemento. Estes parámetros están relacionados coa vontade da administración municipal na eliminación dos desequilibrios existentes entre mulleres e homes, coa implicación de profesionais e persoal técnico que configuren equipos de traballo interdisciplinares para a inclusión do principio de igualdade en todas as áreas de actuación, coa aplicación sistemática de técnicas e ferramentas de traballo que permitan visibilizar os atrancos e avances nesta área e, singularmente, coa participación das mulleres como suxeitos activos na busca de solucións ás diferentes problemáticas derivadas da desigualdade que poden afectar negativamente a diversos colectivos.

Estas medidas impulsadas dende o compromiso político e a través da cooperación coas organizacións que traballan en materia de igualdade  posibilitarán a participación plena das mulleres na vida pública e política e nos procesos de toma de decisións para conseguir que os seus intereses, expectativas  e necesidades se teñan en conta na acción política municipal.

Precísase ademáis partir de datos que dean conta da situación actual das mulleres e dos homes no Concello e neste senso, a análise realizada en Santiago de Compostela nos ámbitos fundamentais de desenvolvemento social e persoal, pon o acento sobre algunhas cuestións referentes aos espazos nos que é preciso incidir de forma preferente.

Neste senso, o Concello de Santiago de Compostela solicitou, no marco da súa colaboración institucional coa Universidade de Santiago, a realización dunha análise sociolóxica dende a perspectiva de xénero da situación do Concello, co obxectivo de que os datos tirados do estudo servisen como base fundamental na elaboración do novo Plan de Igualdade.

Analizáronse deste xeito datos secundarios referidos a demografía, saúde, economía e emprego, educación ou violencia, entre outros ámbitos, os cales supuxeron un punto de partida de carácter xeral e enmarcador para a elaboración das esferas de traballo concretas do Plan.

Na análise dos datos tívose un especial interese en variables particularmente relevantes nun concello como Santiago, tales como por exemplo a idade, de xeito que a mellora da situación vital das mulleres sexa recollida no plan atendendo á súa diversidade en distintos aspectos e non entendendo ás mulleres coma colectivo monolítico.

Así, unha vez clasificados e valorados os datos estatísticos sobre diversas áreas de especial significación, conclúese a necesidade de planificar actuacións que permitan incrementar os niveis de igualdade en todos os ámbitos de desenvolvemento das persoas.

Partindo dos anuarios estatísticos do Concello de Santiago de Compostela e de outros datos cuantitativos elaborados por diferentes organismos autonómicos ou estatais que concernen ao concello así como os datos do padrón municipal, pódese efectuar unha análise diferencial en función do sexo e das circunstancias asociadas ao mesmo centrada especialmente nas mulleres de Compostela e nos grupos e colectivos nos que se integran.

Estes datos permiten concluír a necesidade de intervir proactivamente nos ámbitos fundamentais de desenvolvemento da poboación de Santiago a través da subdivisión en esferas que compilen as facetas de maior trascendencia da vida das persoas. Non cabe dúbida de que estes ámbitos de desenvolvemento sociopersoal están relacionados directamente coa vida familiar, coa situción económica e laboral, coa participación en todos os ámbitos. Así mesmo a cooperación institucional debe servir de referente no impulso das políticas globais a desenvolver en todas as esferas de relación.

Metodolóxicamente, e tras a fase de diagnose, se procedeu así mesmo á realización por parte do persoal técnico da Concellaría de Igualdade dun estudo comparado de plans de igualdade a nivel autonómico e estatal, elaborando un exhaustivo documento marco que serviu coma guía e referencia para a redacción do plan que agora se presenta. Unha terceira fase metodolóxica foi a realización de mesas de traballo sectoriais cos distintos axentes sociais composteláns e coa presenza de persoal experto, persoal municipal, tecido asociativo, entidades, etc. As mesas trataron de xeito monográfico as seguintes áreas: emprego, cultura e deporte, saúde, educación, violencia e conciliación da vida persoal, familiar e laboral. Os resultados obtidos destas mesas de traballo foron fielmente recollidos no plan e constituíron un factor fundamental de enriquecemento do mesmo.

O presente Plan de Igualdade susténtase así no convencemento de que artellar políticas de xénero que se acheguen a toda a poboación precisa de intervencións directas e indirectas que deben aplicarse nos diversos espazos e tempos nos que se distribúe e se desenvolve a vida das mulleres e dos homes. Espazos e tempos íntimamente relacionados, imposibles de desligar xa que inflúen decisivamente os uns nos outros.

A vida cotiá, a familia, a actividade laboral ou educativa, a participación social e comunitaria, a cultura ou a política, son esferas de desenvolvemento a miúdo non compartimentadas, difíciles de acotar e que conforman un continuo na vida das persoas do que se deriva un alto grao de complexidade á hora de elixir as intervencións a realizar.

Con este Plan o Concello de Santiago pretende abordar a introdución do principio de igualdade de forma que impregne en profundidade todas as esferas de vida das persoas utilizando as ferramentas axeitadas, revisando periódicamente os resultados acadados e aplicando unha metodoloxía de traballo que de maneira sistemática e constante faga da aspiración da igualdade unha realidade para os homes e mulleres de Santiago de Compostela.

## INTRODUCIÓN

O afianzamento do Concello de Santiago de Compostela como referente municipal entre os concellos de Galicia require adoptar posicións e establecer intervencións públicas que sirvan de modelo para o conxunto da Administración local. A consolidación e mellora do benestar da cidadanía compostelá debe realizarse tomando a introdución do principio de igualdade como eixo vertebrador de todas as políticas a desenvolver pois alcanzar a igualdade de oportunidades xa non é unha opción, xa non constitúe un valor engadido ás cualidades das actuacións que o contemplan senón que se trata dunha obriga legal, dun requisito para a produtividade e o crecemento económico, dunha necesidade para a mellora da vida cotiá, dun imperativo esixido por amplas capas da sociedade.

Elaborar instrumentos relacionados coa introdución do principio de igualdade en todas as esferas de desenvolvemento das persoas é o obxectivo prioritario ao que debe tender a política municipal incorporando á práctica cotiá ferramentas que garantan o éxito na abordaxe de proporcionar un trato equitativo, paritario e solidario a homes e mulleres desde criterios de eficacia, eficiencia e calidade.

Erradicar as discriminacións indirectas e consolidar dunha forma real e efectiva a igualdade de oportunidades require modificar as actitudes, os comportamentos, as formas de vida e as estruturas sociais que impiden ás mulleres o desenvolvemento persoal e a participación activa en todas as esferas de vida.

As resistencias ao cambio atópanse firmemente arraigadas dificultando a corrección das discriminacións sutís que se presentan como hábitos ou costumes naturais, e por tanto, para modificar a estrutura social e política na que aínda perviven múltiples e aparentemente imperceptibles discriminacións cara ás mulleres, é preciso establecer estratexias destinadas a implantar a igualdade de oportunidades por medio de medidas concretas que permitan corrixir discriminacións resultantes de prácticas ou hábitos sociais.

Incorporar á noción abstracta de igualdade oportunidades reais para as mulleres permitirá desarticular as discriminacións indirectas e unha das fórmulas máis efectivas consiste na implantación de sistemas de vantaxes ou compensacións que, con carácter temporal, cubran as carencias que individual ou colectivamente teñan sofrido as mulleres en calquera ámbito. A fórmula máis rigorosa e sistemática para incorporar o principio de igualdade consiste na realización de plans nos que, a partir dun diagnóstico previo da situación, se arbitren as medidas adecuadas que favorezan a participación igualitaria de homes e mulleres en toda a estrutura de desenvolvemento municipal.

O presente Plan de Igualdade do Concello de Santiago de Compostela responde ás características esixibles aos marcos de actuación que tentan de establecer estratexias para incrementar os niveis de igualdade nas actuacións públicas:

- Adecuado á particularidade da Administración municipal e á situación das mulleres e homes da localidade.
- Realista con respecto aos recursos existentes en Compostela.
- Viable a través de fórmulas correctoras concretas e aplicables por parte do persoal técnico do Concello.
- Asumible polas persoas con responsabilidade política dentro das actuacións da propia administración.
- Respaldado a través do compromiso político do Concello de Santiago de Compostela.

A presente proposta de traballo formula un modelo de implantación de Plan de Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes sustentado na planificación sistemática da introdución do principio de igualdade en todas as esferas de desenvolvemento da cidadanía en relación coa organización interna e coas funcións e competencias da Concellaría de Igualdade do Concello de Santiago de Compostela como o método máis eficaz para a consecución do obxectivo da mellora da vida de homes e mulleres no ámbito municipal.

## ESTRUTURA DO PLAN DE IGUALDADE DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

O Plan de Igualdade do Concello de Santiago de Compostela vertébrase en varios niveis de actuación. Un primeiro nivel é o referido aos fundamentos teóricos e conceptuais e á xustificación da necesidade da elaboración do plan. Esta necesidade non pode ser comprendida sen ter en conta a necesaria implementación do principio de igualdade nas políticas públicas e en todos os ámbitos da sociedade. E, á súa vez, o principio de igualdade xurde coma demanda e coma indicador básico de democracia e benestar, a raíz duns fundamentos teóricos e conceptuais que proporciona o estudo e a análise dende a perspectiva de xénero.

O segundo nivel parte da diagnose xa realizada acerca da situación diferencial entre mulleres e homes no ámbito do Concello de Santiago de Compostela.

Sen esta diagnose, tanto o terceiro coma o cuarto nivel perderían rigor e precisión, por esta razón, é fundamental dispoñer de datos desagregados por sexo e circunstancias asociadas ao mesmo referido ás esferas fundamentais de desenvolvemento das persoas. Datos que resultarán indispensables para a diagnose das carencias e melloras precisas que deben ser recollidas no plan, e para o deseño das medidas e accións que contribúan a unha implantación progresiva e constante do principio de igualdade.

En base aos fundamentos teóricos existentes e á diagnose empírica obtida, desenvolveranse unha serie de medidas *ad hoc* para a introdución do principio de igualdade no Concello de Santiago de Compostela.

Estas medidas desdoblaranse en dous eidos de actuación: as que se encamiñan a paliar as **necesidades prácticas de xénero** e as que buscan alternativas ás **necesidades estratéxicas de xénero**; fórmulas complementarias e compatibles para acadar unha posición igualitaria de mulleres e homes na sociedade e nos seus ámbitos de desenvolvemento.




Ao mesmo tempo, o Plan de igualdade debe conter unha serie de medidas de aplicación transversal a ter en conta en todas as actuacións e intervencións programáticas tanto nas referentes ás necesidades prácticas como ás estratéxicas de xénero. Estas dúas líñas de aplicación transversal están estreitamente relacionadas de xeito que a súa aplicación sistemática e conxunta producirá cambios substanciais tanto de fondo como de forma nas actuacións municipais e consecuentemente na vida da cidadanía.

Estas medidas básicas transversais consisten nos seguintes aspectos:

- Relacionados coa comunicación e a información (medidas transversais de forma)

- Utilización dunha linguaxe non discriminatoria oral, escrita e audiovisual
- Desagregación de datos por sexo e circunstancias asociadas ao sexo

- Relacionados coa modificación estrutural (medidas tranversais de fondo)

- Aplicación de medidas de acción positiva e discriminación positiva
- Fomento da representación paritaria e o empoderamento das mulleres


Medidas transversais
Comunicación e información (de forma)
Modificación estructural (de fondo)
Linguaxe
Desagregación de datos
Medidas positivas
Paridade

As intervencións e boas prácticas a desenvolver han de facer visibles os seus efectos a dous niveis diferenciados:

1. **Efectos na sociedade:** Os efectos da implementación de boas prácticas na sociedade pasan pola introdución de accións específicas no eido da igualdade en contextos onde estas non existían ou non funcionaban axeitadamente. Por outra banda, estas actuacións deben producir cambios nas relacións e hábitos sociais, de xeito que se cuestionen e revisen estas pautas e hábitos nos que a desigualdade entre homes e mulleres se manifesta de diversos xeitos. Deste modo, búscase unha ruptura dos estereotipos e roles adscritos a homes e mulleres pola sociedade e que constriñen as súas actuacións e as súas vidas, determinando socialmente as súas posibilidades vitais e profesionais. Os cambios que se pretenden impulsar buscan así mesmo que estas transformacións sexan estruturais e non coxunturais, mediante un debate social baseado nas campañas de sensibilización e que, dados os argumentos incontestables que xustifican a necesidade da introdución do principio de igualdade a todo os niveis, produza así mesmo un consenso e interiorización xeralizados das boas prácticas.



**2. Efectos na institución**: A implementación de boas prácticas na Concellaría de Igualdade debe producir un efecto inmediato de transversalización de xénero nas súas políticas, áreas e actuacións. Por outra banda, deberá darse simultáneamente un proceso de sensibilización, información e formación no cadro de persoal a todos os niveis. Coa elaboración dun plan de igualdade, o tema da desigualdade entre homes e mulleres pasa a ocupar un lugar preponderante na axenda da institución, de xeito que na Concellaría se busquen compromisos políticos específicos para combater e erradicar esta desigualdade. Un dos indicadores máis eficaces de avaliación da preponderancia ou non desta materia, e o seguimento anual dos orzamentos da institución municipal, observando se se produce unha redistribución dos mesmos en función da introdución do principio de igualdade.



## ESQUEMA-RESUMO DA ESTRUTURA DO PLAN DE IGUALDADE

**NIVEIS DE ACTUACIÓN PARA A ELABORACIÓN DO PLAN DE IGUALDADE.**

I. Fundamentos e xustificación.

II. Coñecemento da situación diferencial de mulleres e homes.

III. Implantación de medidas para a introdución do principio de igualdade.

IV. Medición de resultados.



## Fundamentos e xustificación



## Implantación de medidas para a introdución do principio de igualdade






## Medición de resultados



## ESFERAS DE INTERVENCIÓN DO PLAN DE IGUALDADE DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A elaboración dun Plan estratéxico para a implantación da igualdade entre mulleres e homes no Concello de Santiago de Compostela debe atender a un aspecto prioritario que habitualmente pasa desapercibido: a vida das persoas é global e integral.

Se o compromiso do Concello é o de mellorar a situación das mulleres naqueles ámbitos nos que a súa posición amosa desvantaxe con respecto aos varóns, as intervencións deben ser inclusivas e integrais e deben atender a aquelas esferas en que se desenvolve a vida da cidadanía.

Esferas íntimamente relacionadas entre sí impregnadas por desigualdades estruturais: a presencia da violencia de xénero en todos os ámbitos relacionais, a desigualdade nos usos dos diferentes tempos de vida entre mulleres e homes, a deficiente atención á saúde das mulleres nos ámbitos prioritarios de desenvolvemento.

Así pois, o Plan de Igualdade pretende intervir a través da implantación de medidas, programas, proxectos…nas esferas nas que se desenvolve a vida das mulleres e homes de Compostela: a esfera de convivencia, a esfera laboral, a esfera socio-comunitaria.

De igual modo, a esfera de cooperación institucional e política é fundamental para posibilitar a intervención nos restantes ámbitos xa que dela emanan tanto os compromisos como as medidas e actuacións concretas a implantar.



## INTRODUCIÓN DO PRINCIPIO DE IGUALDADE NA ESFERA CONVIVENCIAL

A esfera convivencial é entendida como o espazo en que se desenvolven tanto as aspiracións e necesidades persoais como as relacións interpersoais e familiares e o traballo que homes e mulleres realizan no ámbito máis estreito de relación, é dicir, o núcleo de convivencia.

Este espazo no que se realizan diferentes tarefas non remuneradas en torno ao traballo doméstico e os coidados ás persoas dependentes, relacionábase tradicionalmente coa reprodución entendida desde un punto de vista biolóxico e sanitario, quedando excluído así das análises económicas que o consideraban un espazo improdutivo.

Hoxe en día todos os estudos económicos realizados desde a perspectiva de xénero, revelan o seu valor monetario chegando a afirmar non só que a súa incidencia no PIB dos países acada elevadas porcentaxes senón tamén que a vida produtiva e laboral non pode realizarse sen que as persoas teñan cubertas as súas necesidades básicas, aspecto que é garantido polos traballos persoais desenvolvidos no ámbito familiar.

No referente á poboación de Santiago de Compostela, tanto homes como mulleres procuran a súa incorporación ao mercado laboral o que implica que é necesario desbotar a idea preconcebida sobre o modelo tradicional de familia no que as mulleres soportaban todo o traballo realizado no ámbito doméstico, traballos necesarios para a vida pero que deben ser compartidos por igual entre unhas e outros evitando perpetuar os roles tradicionais das mulleres que acarrean consecuencias negativas para a súa saúde, a súa participación socio-laboral plena, o uso equitativo do tempo.

A igualdade nesta esfera de vida permite ademáis establecer relacións non xerárquicas entre mulleres e homes favorecendo a negociación, a resolución de conflitos baseándose no diálogo e, polo tanto, a erradicación da violencia contra as mulleres.




En definitiva, trátase de introducir o principio de igualdade no ámbito máis íntimo de desenvolvemento das persoas para favorecer relacións igualitarias, as mesmas posibilidades de participación social e laboral e o goce de tempos para a realización de actividades individuais, comunitarias e comúns entre quen conforman os núcleos de convivencia.

| ESFERA CONVIVENCIAL | | |
|---|---|---|
| **OBXECTIVO XERAL** | | |
| **Promover o cambio de estereotipos e roles de xénero para fomentar relacións igualitarias no ámbito de convivencia** | | |
| **OBXECTIVO ESPECÍFICO** | **1.- Impulsar a corresponsabilidade entre mulleres e homes no ámbito de desenvolvemento persoal, doméstico e de coidados** | |
| **MEDIDAS** | **CONCELLARÍAS IMPLICADAS** | **OUTRAS ENTIDADES IMPLICADAS** |
| Realizar cursos de democracia doméstica nos diferentes barrios do Concello potenciando a participación de homes. | • B. S. e Igualdade<br>• Participación Cidadá<br>• Cultura | • As. Mulleres<br>• As. Veciñais<br>• MMCC |
| Ofertar servizos de atención a menores nas actividades culturais, políticas, deportivas, etc., nas que participe fundamentalmente público masculino. | • B. S. e Igualdade<br>• Cultura<br>• Participación Cidadá<br>• Deportes<br>• Medio Ambiente | • Entidades deportivas<br>• Entidades culturais<br>• As. Veciñais |
| Deseñar cursos de habilidades domésticas desde a perspectiva de xénero dirixidas a homes. | • B. S. e Igualdade<br>• Centros Socioculturais<br>• P. Lingüística<br>• Participación Cidadá | • As. Veciñais<br>• As. Mulleres<br>• MMCC |
| Realizar campañas sobre a necesaria corresponsabilidade entre mulleres e homes e os seus beneficios socioeconómicos. | • B. S.e Igualdade<br>• P. Lingüística<br>• Relacións institucionais<br>• Facenda | • As. Mulleres<br>• MMCC |
| Propiciar a participación dos pais nas actividades escolares e educativas favorecendo a súa intervención nas ANPAS. | • B. S. e Igualdade<br>• Educación<br>• Participación Cidadá<br>• P. Lingüística | • ANPAS<br>• Consellos escolares<br>• Centros educativos<br>• MMCC |

| | | |
|---|---|---|
| Elaborar un folleto divulgativo sobre a cantidade e cualidade dos coidados que os homes aportan ás relacións familiares. | • B. S. e Igualdade<br>• P. Lingüística<br>• Educación<br>• Sanidade | • ANPAS<br>• Consellos escolares<br>• Centros educativos<br>• MMCC |
| Destacar entre a poboación compostelá estratexias e boas prácticas sobre o reparto equitativo dos tempos e a corresponsabilidade doméstica e de coidados. | B. S. e Igualdade<br>• Participación Cidadá<br>• Infraestruturas<br>• Promoción Económica<br>• As. Mulleres | • As. Veciñais<br>• Centros sociais<br>• MMCC |
| Organizar actividades formativas-informativas sobre "As novas masculinidades" a desenvolver nos diferentes barrios da cidade. | • B. S. e Igualdade<br>• Participación Cidadá<br>• Facenda | • As. Veciñais<br>• As. Mulleres<br>• Entidades que traballan en materia de igualdade<br>• MMCC |
| Impulsar a inclusión nos baremos deseñados para a adxudicación de prazas nas escolas infantís de circunstancias relacionadas coa violencia de xénero, coa responsabilidade exclusiva sobre os e as menores e con situacións marcadas pola desvantaxe social. | • B. S. e Igualdade<br>• Educación | • As. Mulleres<br>• As. Veciñais<br>• Centros educativos<br>• ANPAS<br>• Centros cívicos<br>• Entidades que traballan en materia de igualdade |
| Iniciar o debate sobre a reorganización dos horarios da cidade de forma que garantan un uso dos tempos de vida acordes coa corresponsabilidade e a conciliación entre a vida familiar, laboral e persoal. | • B. S. e Igualdade (PPTC)<br>• Promoción Económica<br>• Comercio<br>• Participación Cidadá<br>• Transportes | • Entidades empresariais<br>• Centros e recursos públicos e privados |
| Potenciar as actividades desenvolvidas polo Banco do Tempo de Compostela co obxectivo de favorecer a corresponsabilidade familiar, doméstica e de coidados. | • B. S. e Igualdade<br>• Participación Cidadá<br>• P. Lingüística<br>• Medio Ambiente | • Entidades cívicas<br>• MMCC |

| OBXECTIVO ESPECÍFICO | 2.- Erradicar a violencia contra as mulleres das relacións persoais e familiares | |
|---|---|---|
| **MEDIDAS** | **CONCELLARÍAS IMPLICADAS** | **OUTRAS ENTIDADES IMPLICADAS** |
| Difundir o programa de apoio psicolóxico ás mulleres en fase de separación a través da mediación familiar. | • B. S. e Igualdade (CIM)<br>• Sanidade<br>• Participación Cidadá | • P. Cidadá<br>• Universidade |
| Indexar na páxina web do Concello unha guía de recursos existentes para a prevención e actuación en caso de violencia. | • B. S. e Igualdade<br>• Facenda<br>• P. Lingüística<br>• Servizos informáticos municipais | • Entidades que traballan en materia de igualdade<br>• MMCC |
| Elaborar a guía ¿É violencia? para a detección de situacións iniciais de violencia de xénero. | • B. S. e Igualdade<br>• P. Lingüística<br>• Policía Local<br>• Sanidade | • Entidades que traballan en materia de igualdade |
| Establecer contactos e intercambios estables de experiencias entre profesionais e persoas expertas en violencia. | • B, S. e Igualdade<br>• Policía Local<br>• Participación Cidadá | • As. Veciñais<br>• Entidades que traballan en materia de igualdade |
| Elaborar itinerarios de derivación e intervención. | • B. S. e Igualdade | • As. Mulleres<br>• As. Veciñais<br>• Entidades que traballan en materia de igualdade<br>• MMCC |
| Difundir os servizos de atención a situacións de violencia cos que conta a cidade de Santiago. | • B. S. e Igualdade | • Medios de comunicación |

| OBXECTIVO ESPECÍFICO | 3.- Pór en valor as actividades domésticas e de coidados como imprescindibles para a vida persoal, social e económica. | |
|---|---|---|
| **MEDIDAS** | **CONCELLARÍAS IMPLICADAS** | **OUTRAS ENTIDADES IMPLICADAS** |
| Elaborar unha recompilación de receitas tradicionais realizada a través da participación das mulleres compostelás. | • B. S. e Igualdade<br>• Centros Socioculturais<br>• P. Lingüística<br>• Sanidade | • As. Mulleres<br>• As. Veciñais<br>• MMCC<br>• Asociacións Maiores<br>• Aulas Terceira idade |
| Recuperar a historia das mulleres de Compostela e das súas achegas ao desenvolvemento socioeconómico da cidade a través de entrevistas, enquisas, recompilación de fotografías, historias persoais… | • B. S. e Igualdade<br>• P. Lingüística<br>• Participación Cidadá<br>• Cultura<br>• Medio Ambiente<br>• Promoción Económica | As. Mulleres<br>• As. Veciñais<br>• Universidade<br>• MMCC<br>• Asociacións Empresariais<br>• Sindicatos |
| Promover a realización de exposicións de artesanía dirixidas ao público en xeral para dar a coñecer o patrimonio cultural feminino. | • B. S. e Igualdade<br>• Mercados<br>• Cultura/Centros SC<br>• Medio Ambiente<br>• Participación Cidadá | • As. Mulleres<br>• As. Artesanais<br>• Artes e ofícios<br>• Centros de Formación |
| Organizar un Maratón fotográfico sobre as actividades da vida cotiá imprescindibles e a súa repercusión na economía. | • B. S. e Igualdade<br>• Turismo/P.Económica<br>• Cultura<br>• Participación Cidadá | • As. Veciñais<br>• MMCC |
| Informar e sensibilizar á poboación de Santiago e ao tecido empresarial, sobre o valor económico e social do traballo doméstico e de coidados, con referencia indispensable á súa necesidade para o mantemento da vida e do resto de actividades e traballos. | • B. S. e Igualdade<br>• Emprego/P. Económica | • Entidades empresariais<br>• Org. sindicais<br>• As. Mulleres<br>• MMCC |

| OBXECTIVO ESPECÍFICO | 4.-Incrementar os niveis de saúde das mulleres potenciando o seu autocoidado. | |
|---|---|---|
| **MEDIDAS** | **CONCELLARÍAS IMPLICADAS** | **OUTRAS ENTIDADES IMPLICADAS** |
| Realizar campañas específicas para mulleres de prevención do consumo de tabaco, alcohol e outras substancias adictivas. | • B. S. e Igualdade<br>• Sanidade<br>• Xuventude<br>• Participación Cidadá | • As. Mulleres<br>• As. Veciñais<br>• As. Hostalería<br>• Centros sanitarios<br>• MMCC |
| Impulsar campañas sanitarias de prevención con perspectiva de xénero. | • B. S. e Igualdade<br>• Sanidade<br>• Xuventude | • As. Mulleres<br>• As. Veciñais<br>• Centros sanitarios<br>• MMCC |
| Promover o respiro das coidadoras habituais de persoas dependentes posibilitando o coidado por parte doutras persoas. | • B. S. e Igualdade (BT) | • As. Familiares de persoas dependentes<br>• As. Mulleres<br>• As. Veciñais |
| Realizar campañas para facer visibles os problemas diferenciais de saúde das mulleres: cardiovasculares, endocrinos, musculo-esqueléticos. | • B. S. e Igualdade<br>• Sanidade<br>• Centros Socioculturais<br>• P. Lingüística | • As. Sanitarias<br>• Colexios profesionais<br>• As. Mulleres<br>• MMCC |
| Divulgar as “verdades ou mentiras” sobre situacións “normais” de saúde específica das mulleres: menopausia, embarazo, dismenorreas, puerperio, fibromialxia... | • B. S. e Igualdade<br>• Centros Socioculturais<br>• Sanidade | • COF<br>• As. Sanitarias<br>• As. Mulleres<br>• MMCC |
| Elaborar unha guía dirixida ao público feminino en xeral sobre autocoidados e coidados de coidadoras no ámbito doméstico. | • B. S. e Igualdade<br>• Sanidade<br>• P. Lingüística | • Centros de saúde<br>• As. Mulleres<br>• COF<br>• Colexios profesionais<br>• MMCC |

| | | |
|---|---|---|
| Realizar actuacións formativas sobre autoestima e empoderamento específicamente dirixidas a mulleres. | • B. S. e Igualdade<br>• Sanidade<br>• Participación Cidadá | • As. Mulleres<br>• As. Veciñais<br>• MMCC |
| Propiciar espazos de encontro e debate sobre a saúde das mulleres maiores con consellos prácticos sobre alimentación, hixiene, medicación, coidados, actividade física, relacións sociais… | • B. S. e Igualdade<br>• Sanidade<br>• Cultura/Centros SC | • As. Mulleres<br>• As. Veciñais<br>• MMCC<br>• As. Sanitarias<br>• Colexios profesionais |
| Elaborar material divulgativo sobre “A aceptación do propio corpo” dirixido a público adolescente orientado á prevención temperá dos trastornos da alimentación e a desbotar estereotipos de beleza e normas de indumentaria. | • B. S. e Igualdade<br>• Sanidade<br>• P. Lingüística<br>• Xuventude<br>• Educación | • As. Mulleres<br>• As. Veciñais<br>• As. Xuvenís<br>• MMCC<br>• As. Sanitarias<br>• Colexios profesionais |

| OBXECTIVO ESPECÍFICO | 5.- Impulsar melloras nas infraestruturas municipais para favorecer a igualdade nos ámbitos convivenciais. | |
|---|---|---|
| **MEDIDAS** | **CONCELLARÍAS IMPLICADAS** | **OUTRAS ENTIDADES IMPLICADAS** |
| Promover que se habiliten nos diferentes aseos públicos de homes o servizo de cambiador de cueiros en espazos comerciais e/ou afíns implantados ou de nova creación. | • B. S. e Igualdade<br>• Infraestruturas<br>• Facenda<br>• Medio ambiente<br>• Urbanismo | • As. Mulleres<br>• As. Veciñais<br>• ANPAS |
| Recomendar a dotación de infraestruturas nos espazos públicos que posibiliten a atención a menores: cambiar cueiros a bebés, baño... | • B. S. e Igualdade<br>• Infraestruturas<br>• Facenda<br>• Medio ambiente<br>• Urbanismo | • As. Mulleres<br>• As. Veciñais<br>• ANPAS |
| Recomendar a creación de salas de lactación natural e artificial nas áreas comerciais e industriais de carácter privado de nova creación, así coma nos centros públicos de nova creación nos que sexa pertinente a súa presenza. | • B. S. e Igualdade<br>• Infraestruturas<br>• Facenda<br>• Medio ambiente<br>• Urbanismo | • As. Mulleres<br>• As. Veciñais<br>• ANPAS<br>• As. Empresariais<br>• As. Hostalería y comercio |
| Promover nos espazos de lecer, dirixidos á poboación infantil, animación itinerante que posibilite o goce dun tempo propio ás persoas coidadoras. | • B. S. e Igualdade<br>• Infraestruturas<br>• Participación Cidadá | • As. Mulleres<br>• As. Veciñais |
| Difundir o programa de canguros municipal para posibilitar a atención de menores no medio rural. | • B.S. e Igualdade<br>• Facenda<br>• Medio ambiente | • As. Veciñais<br>• As. Mulleres |

| | | |
|---|---|---|
| Recomendar a mellora da iluminación pública nos espazos urbanos e rurais utilizados nos tempos de lecer e nos itinerarios habituais das mulleres. | • B. S. e Igualdade<br>• Infraestruturas<br>• Urbanismo<br>• Seguridade cidadá<br>• Medio ambiente | • As. Veciñais<br>• As. Mulleres |
| Designar lugares específicos e mecanismos destinados ao aparcamento de carros de bebés nos espazos públicos, especialmente os de lecer. | • B. S. e Igualdade<br>• Infraestruturas<br>• Medio ambiente | • As. Mulleres<br>• As. Veciñais |
| Dar continuidade e seguir mellorando os horarios de ludotecas e escolas infantís tendo en conta as necesidades das persoas responsables dos e das menores. | • B. S. e Igualdade (PPTC)<br>• Infraestructuras<br>• Educación<br>• Benestar<br>• Centros Socioculturais | • As. Veciñais<br>• As. Mulleres |
| Favorecer a utilización das infraestruturas de ocio escolares nos tempos non lectivos. | • B. S. e Igualdade<br>• Educación<br>• Xuventude<br>• Participación Cidadá | • Centros educativos<br>• As. Veciñais<br>• As. Mulleres |
| Reorganizar os espazos de lecer públicos de xeito que garantan a convivencia interxeneracional incorporando zonas de actividades comúns para menores e persoas adultas, elementos para actividade física de maiores tales como parques biosaudables, etc. | • B. S. e Igualdade<br>• Infraestruturas<br>• Medio Ambiente<br>• Cultura/Centros SC<br>• Participación Cidadá | • As. Mulleres<br>• As. Veciñais<br>• Asociacións de Maiores<br>• Centros de Maiores<br>• Asociacións Sociais |
| Deseñar rutas de sendeirismo urbano e rural dirixidos á poboación que precisa realizar actividades físicas de intensidade moderada dotadas da suficiente confortabilidade e seguridade: baños, zonas de descanso, iluminación, cabina telefónica… | • B. S. e Igualdade<br>• Turismo<br>• Cultura/Centros SC<br>• Sanidade<br>• Seguridade cidadá<br>• Infraestruturas<br>• Medio ambiente<br>• Deportes | • As. Mulleres<br>• Centros sanitarios<br>• As. deportivas |

## INTRODUCIÓN DO PRINCIPIO DE IGUALDADE NA ESFERA LABORAL

A situación económica e social que a análise da realidade nos presenta está marcada por un aspecto que indiscutiblemente fixo tambalear as estruturas tradicionais sobre as que se asentaba secularmente a nosa sociedade. A firme e masiva incorporación das mulleres ao traballo remunerado é un fenómeno imparable que debuxa un panorama con profundas repercusións non só no ámbito laboral senón na totalidade dos ámbitos de desenvolvemento das persoas.

Pero o recoñecemento deste cambio fundamental que se está a producir na sociedade en xeral e na compostelá en particular, require actuar en consecuencia desenvolvendo accións políticas capaces de abordar os problemas derivados dunha organización que, por unha parte esixe esta incorporación feminina ao tecido produtivo e como contrapartida non modifica a porcentaxe cualitativa e cuantitativa de mulleres e homes que forman parte da poboación traballadora, nin establece todas as medidas que fagan posible que unhas e outros accedan ao mercado laboral coas mesmas oportunidades.

Lembrar que as mulleres traballaron sempre non deixa de ser unha obviedade pois unha visión histórica exenta de androcentrismo nos presenta as distintas realizacións que ao longo dos tempos e nas distintas sociedades, levaron adiante as mulleres.

Nembargantes, hoxe, o fenómeno da feminización crecente da economía e do mundo laboral, ten que acompañarse dun novo modelo de desenvolvemento económico que persiga o obxectivo da plena incorporación en termos de igualdade de mulleres e homes no ámbito do emprego, pois, se ben cuantitativamente a presenza das mulleres xa non é un dato residual, a pervivencia da desigualdade segue a presentarse como un fenómeno de difícil solución.

A pesar de que as cifras indican que a proporción da presenza de ambos sexos no mercado de traballo está a equilibrarse, debido en parte ao empeño das mulleres en dar continuidade ás súas traxectorias profesionais, a envergadura das necesidades a satisfacer empuxan ao Concello de Santiago a continuar motivando a participación na actividade produtiva sobre a base de tres factores decisivos: o acceso ao mundo laboral, a permanencia no mesmo e o incremento de posibilidades de promoción no traballo e de consolidación de carreira profesional.



| ESFERA LABORAL | | |
|---|---|---|
| OBXECTIVO XERAL | | |
| Favorecer o acceso, a permanencia e a promoción das mulleres no ámbito laboral | | |
| **OBXECTIVO ESPECÍFICO** | **1.- Incrementar os niveis de empregabilidade de mulleres con especiais dificultades de inserción laboral ou en situacións marcadas pola desvantaxe social.** | |
| **MEDIDAS** | **CONCELLARÍAS IMPLICADAS** | **OUTRAS ENTIDADES IMPLICADAS** |
| Ampliar as accións de integración laboral das mulleres de etnias minoritarias, especialmente de etnia xitana, mediante o convenio coa Fundación Secretariado Xitano. | • B. S. e Igualdade<br>• Emprego/P. Económica | • Secretariado Xitano<br>• As. Mulleres |
| Elaborar e difundir materiais e información dirixida ao empresariado de Compostela expoñendo os beneficios que supón a contratación de mulleres novas e maiores de 45 anos, sobre bonificacións asociadas á contratación de mulleres vítimas de violencia e desmontando os estereotipos asociados ás mulleres no eido do emprego (relacionados co embarazo, absentismo, ambiente laboral, actividades profesionais segundo xénero...) que tan perniciosos son para o seu acceso, permanencia e promoción nas empresas. | • B. S. e Igualdade<br>• Emprego/P. Económica<br>• P. Lingüística | • Ent. empresariais<br>• Org. Sindicais<br>• As. Mulleres<br>• MMCC |
| Informar da normativa para a contratación regular das mulleres inmigrantes que traballan no servizo doméstico ou en servizos de proximidade á poboación empregadora a través da Oficina de Inmigración do Concello. | • B. S. e Igualdade<br>• Emprego/P. Económica | • As. Inmigrantes<br>• As. Mulleres<br>• Org. Sindicais<br>• Ent. Empresariais |

| | | |
|---|---|---|
| Realizar cursos de formación para mulleres inmigrantes, para a adaptación a usos e costumes da vida cotiá en Galicia: cociña, hixiene... | • B. S. e Igualdade<br>• Emprego/P. Económica<br>• Participación Cidadá<br>• Medio ambiente<br>• P. Lingüística | • As. Inmigrantes<br>• As. Mulleres<br>• As. Veciñais<br>• Centros cívicos |
| Realizar así mesmo, e en sentido inverso, cursos deseñados por mulleres inmigrantes sobre os usos e costumes dos seus países de orixe dirixidos ás mulleres galegas, e fomentar a visibilización destes costumes (gastronómicas, musicais, culturais) en foros como mostras na rúa, demostracións en centros sociais, etc. | • B. S. e Igualdade<br>• Emprego/P. Económica<br>• Participación Cidadá<br>• Medio ambiente<br>• P. Lingüística | • As. Inmigrantes<br>• As. Mulleres<br>• As. Veciñais<br>• Centros cívicos |
| Deseñar Itinerarios de inserción laboral para mulleres e especialmente para mulleres vítimas de violencia de xénero. | • B. S. e Igualdade<br>• Emprego/P. Económica<br>• Seguridade | • As. Mulleres<br>• Entidades que traballan en materia de igualdade<br>• Empresariado |
| Organizar cursos e actividades de formación para facilitar o acceso das mulleres ás tecnoloxías da información e comunicación, especialmente para mulleres afectadas de diversidade funcional para que poidan ser utilizadas como ferramentas de comunicación, formación e traballo. | • B. S. e Igualdade<br>• Emprego/ P. Económica<br>• Infraestructuras | • As. Persoas afectadas de diversidade funcional<br>• As. Mulleres<br>• Org. empresariais |
| Realizar por parte do Concello programas formativos de fomento do emprego dirixidos ás mulleres en situación de paro de longa duración, mulleres maiores de 45 anos e outros colectivos especialmente vulnerables. | • B. S. e Igualdade<br>• Emprego/ P. Económica<br>• Participación Cidadá | • As. Mulleres<br>• Oficinas de Emprego |

| | | |
|---|---|---|
| Elaborar coas persoas en situación de desvantaxe social itinerarios de inserción realizados por especialistas en orientación laboral, nos que se contemplen as necesidades, potencialidades e intereses das persoas así como as tendencias do mercado. | • B. S. e Igualdade<br>• Emprego/ P. Económica | • As. Mulleres<br>• Entidades que traballan en materia de igualdade<br>• Centros ocupacionais<br>• Centros formativos<br>• Empresariado |
| Desenvolver actividades de captación e motivación ao emprego dirixidas a persoas en situación inactiva. | • B. S. e Igualdade<br>• Emprego/ P. Económica<br>• Participación Cidadá | • As. Mulleres<br>• As. Veciñais<br>• Organizacións sindicais<br>• Entidades empresariais<br>• MMCC |
| Promover a atención personalizada a desempregadas ausentes do mercado laboral mediante a realización de entrevistas personalizadas co obxectivo de orientarlles cara á formación para o emprego e a inserción por conta allea e por conta propia. | • B. S. e Igualdade<br>• Emprego/ P. Económica | • As. Mulleres<br>• Organizacións sindicais<br>• Oficinas de emprego |
| Informar sobre os dereitos das empregadas do fogar proporcionando información sobre remuneración salarial, cotizacións sociais, etc. | • B. S. e Igualdade<br>• Emprego/ P. Económica<br>• | • As. Mulleres<br>• Centros cívicos |
| Establecer nos baremos utilizados para a selección de alumnado de cursos formativos incentivos destinados a preferenciar a selección de mulleres en situación de desvantaxe social. | • B. S. e Igualdade<br>• Emprego/ P. Económica | • Centros ocupacionais<br>• Entidades formadoras<br>• As. Mulleres |
| Realizar informes de impacto de xénero das actividades de formación continua e inserción laboral levadas a cabo polo Concello, co obxecto de determinar se se inclúe nelas o principio de igualdade de forma sistemática e se os obxectivos acadados dan resposta á súa introdución. | • B. S. e Igualdade<br>• Emprego/ P. Económica | • Entidades formadoras |

| | | |
|---|---|---|
| Realizar itinerarios de formación dirixidos específicamente ás mulleres en situación de desvantaxe social adecuando os contidos, horarios e lugares de impartición da formación á súa dispoñibilidade. | • B. S. e Igualdade<br>• Emprego/ P. Económica | • Centros ocupacionais<br>• Entidades formadoras<br>• As. Mulleres<br>• Entidades que traballan con mulleres |
| Organizar itinerarios de inserción específicos para mulleres que desexan abandonar a actividade prostitutiva en colaboración con entidades e organismos que traballan habitualmente con este colectivo. | • B. S. e Igualdade<br>• Emprego/ P. Económica<br>• Seguridade cidadá | • Entidades que traballan con mulleres prostituídas<br>• As. Mulleres |

| OBXECTIVO ESPECÍFICO | 2.- Promover a introdución do principio de igualdade nas empresas Compostelás | |
|---|---|---|
| **MEDIDAS** | **CONCELLARÍAS IMPLICADAS** | **OUTRAS ENTIDADES IMPLICADAS** |
| Promover a creación dun Observatorio Permanente para a Igualdade nas Empresas co obxectivo de dar a coñecer periódicamente os avances en materia de igualdade implantados polas empresas compostelás. | • B. S. e Igualdade<br>• Emprego/ P. Económica<br>• Participación Cidadá<br>• Turismo | • Entidades empresariais<br>• Organizacións sindicais<br>• As. Mulleres<br>• Persoas expertas<br>• MMCC |
| Propoñer ao Concello que nos pregos de cláusulas administrativas particulares se prime ás empresas que acrediten ter en vigor un plan de igualdade. | • B. S. e Igualdade<br>• Emprego/ P. Económica<br>• Facenda | • Entidades empresariais<br>• Organizacións sindicais<br>• Colexios profesionais |
| Crear un premio de emprendemento igualitario destinado a aquelas empresas compostelás que destaquen na introdución do principio de igualdade no ámbito da inserción, permanencia e promoción de mulleres no mercado laboral. | • B. S. e Igualdade<br>• Emprego/ P. Económica<br>• Facenda<br>• Turismo<br>• Medio ambiente | • Entidades empresariais<br>• Organizacións sindicais<br>• Entidades que traballan en materia de B. S. e Igualdade<br>• MMCC |
| Colaborar na difusión dos plans de igualdade elaborados por empresas de Compostela. | • B. S. e Igualdade<br>• | • Entidades empresariais<br>• MMCC |
| Difundir a Lei de Traballo en Igualdade das Mulleres de Galicia entre o empresariado. | • B. S. e Igualdade<br>• Emprego/ P. Económica<br>• Participación Cidadá | • Empresariado<br>• MMCC |

| OBXECTIVO ESPECÍFICO | 3.- Estimular a participación plena das mulleres no ámbito do emprego, incentivando o emprendemento feminino, a diversificación profesional e o acceso a niveis directivos nas organizacións | |
|---|---|---|
| **MEDIDAS** | **CONCELLARÍAS IMPLICADAS** | **OUTRAS ENTIDADES IMPLICADAS** |
| Crear un premio destinado ás mulleres emprendedoras. | • B. S. e Igualdade | • As. Mulleres<br>• Organizacións sindicais<br>• Entidades empresariais<br>• MMCC |
| Animar e apoiar as iniciativas empresariais encabezadas por mulleres, a través dun sistema de información específico para a creación e consolidación de proxectos de emprendemento. | • B. S. e Igualdade<br>• Emprego/ P. Económica<br>• Medio ambiente | • As. Mulleres<br>• Universidade |
| Favorecer a contratación preferente para realizar o servizo de asistencia domiciliaria de empresas lideradas por mullleres ou de empregadas autónomas adicadas a este sector laboral, incluíndo dita prioridade no prego de cláusulas administrativas de contratación do Concello. | • B. S. e Igualdade | • Aso. Empregadas do Fogar<br>• Empresas de mulleres |
| Potenciar a introdución da perspectiva de xénero na planificación formativa ocupacional do Concello. | • B. S. e Igualdade<br>• Emprego/ P. Económica | • Entidades empresariais<br>• Organizacións sindicais |
| Divulgar os certificados de profesionalidade, consonte o Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais para contribuír ao avance da formación e da aprendizaxe permanente. | • B. S. e Igualdade<br>• Emprego/ P. Económica | • As. Mulleres<br>• Organizacións sindicais<br>• Entidades empresariais<br>• MMCC |

| | | |
|---|---|---|
| Potenciar a realización de campañas de sensibilización para a diversificación de opcións formativas e profesionais das mulleres e dos homes. | • B. S. e Igualdade<br>• Emprego/ P. Económica<br>• Educación | • Centros educativos e formativos<br>• Centros de emprego<br>• As. Mulleres<br>• As. Profesionais<br>• MMCC |
| Visibilizar as mulleres que ostentan postos decisorios. | • B. S. e Igualdade | • As. Empresariais<br>• As. Mulleres<br>• As. Profesionais<br>• Colexios profesionais |
| Realizar cursos de reciclaxe profesional vinculados ás demandas do mercado de traballo, aos compromisos de contratación e aos xacementos profesionais non tradicionais. | • B. S. e Igualdade<br>• Emprego/ P. Económica<br>• Medio ambiente | • Entidades empresariais<br>• Organizacións sindicais |
| Promover dende o Concello, cursos de formación para mulleres naqueles oficios nos que estean subrepresentadas. | • B. S. e Igualdade<br>• Emprego/ P. Económica | • As. Mulleres<br>• Entidades empresariais<br>• Organizacións sindicais |

| OBXECTIVO ESPECÍFICO | 4.- Potenciar a implantación de medidas empresariais que favorezan a conciliación da vida laboral, familiar e persoal | |
|---|---|---|
| **MEDIDAS** | **CONCELLARÍAS IMPLICADAS** | **OUTRAS ENTIDADES IMPLICADAS** |
| Conformar a Mesa de Conciliación para a realización dun estudio sobre o uso do tempo na cidade. | • B. S. e Igualdade<br>• Emprego/ P. Económica<br>• Participación cidadá<br>• Transporte<br>• Medio ambiente | • Entidades empresariais<br>• Organizacións sindicais<br>• As. Mulleres |
| Difundir a través das organizacións sindicais a información sobre as medidas vixentes en materia de conciliación dirixidas aos varóns. | • B. S. e Igualdade<br>• Emprego/ P. Económica | • Entidades empresariais<br>• Org. Sindicais<br>• Entidades que traballan en materia de igualdade<br>• MMCC |
| Visibilizar as empresas composteláns que implantan medidas de conciliación entre a vida persoal, familiar e profesional. | • B. S. e Igualdade<br>• Emprego/ P. Económica<br>• Infraestructuras<br>• Transporte | • Ent. Empresariais<br>• Org. Sindicais<br>• As. Mulleres |
| Garantir a accesibilidade das mulleres soas con responsabilidades familiares aos cursos de formación impulsando o servizo de canguros para a atención colectiva de menores. | • B. S. e Igualdade<br>• Emprego/ P. Económica<br>• Transporte | • Centros ocupacionais<br>• Centros de formación |

| OBXECTIVO ESPECÍFICO | 5.- Velar polo establecemento de condicións de saúde e hixiene no posto de traballo dende a perspectiva de xénero. | |
|---|---|---|
| **MEDIDAS** | **CONCELLARÍAS IMPLICADAS** | **OUTRAS ENTIDADES IMPLICADAS** |
| Promover a realización de campañas de difusión e sensibilización especificamente dirixidas á prevención dos riscos laborais que se producen maioritariamente en sectores profesionais feminizados. | • B. S. e Igualdade<br>• Emprego/ P. Económica<br>• Sanidade | • Empresariado<br>• Org. Sindicais<br>• As. Mulleres<br>• MMCC |
| Informar sobre os autocoidados necesarios para garantir a saúde das persoas empregadas no traballo doméstico e de coidados. | • B. S. e Igualdade<br>• Emprego/ P. Económica<br>• Sanidade | • Org. Sindicais<br>• As. Mulleres |

| OBXECTIVO ESPECÍFICO | 6.- Contribuír á erradicación de todo tipo de manifestación da violencia contra as mulleres no ámbito laboral | |
|---|---|---|
| **MEDIDAS** | **CONCELLARÍAS IMPLICADAS** | **OUTRAS ENTIDADES IMPLICADAS** |
| Divulgar a oferta formativa das organizacións empresariais que inclúa a perspectiva de xénero. | • B. S. e Igualdade<br>• Emprego/ P. Económica<br>• Sanidade | • Empresariado<br>• Org. Sindicais<br>• As. Mulleres |
| Apoiar as vítimas de acoso sexual no traballo proporcionándolles asesoramento xurídico e psicosocial. | • B. S. e Igualdade<br>• Emprego/ P. Económica<br>• Sanidade | • Empresariado<br>• Org. Sindicais<br>• As. Mulleres |
| Realizar campañas nos centros de traballo que amosen o rexeitamento da violencia de xénero. | • B. S. e Igualdade<br>• Emprego/ P. Económica<br>• Sanidade | • Empresariado<br>• Org. Sindicais<br>• As. Mulleres |
| Divulgar entre as entidades empresariais as medidas previstas na normativa vixente referidas á seguridade e integridade das traballadoras vítimas de violencia de xénero. | • B. S. e Igualdade<br>• Emprego/ P. Económica<br>• Sanidade | • Empresariado<br>• Org. Sindicais<br>• As. Mulleres |

## INTRODUCIÓN DO PRINCIPIO DE IGUALDADE NA ESFERA SOCIOCOMUNITARIA

Impulsar a introdución do principio de igualdade na vida social e comunitaria da poboación compostelá é unha prioridade para conseguir un desenvolvemento cidadá equitativo, paritario e solidario. É na vida civil na que se inculcan os valores relacionados coa convivencia democrática, coa tolerancia e coa aceptación das diferenzas intergrupais e interpersoais.

Esta esfera de convivencia colectiva e de organización de actividades de cara á cidadanía non pode esquecer a aplicación dunha perspectiva de xénero para garantir que tamén as desigualdades que aínda perviven entre homes e mulleres atopen unha resposta programática e política que satisfaga as aspiracións de desenvolvemento pleno duns e doutras nun mundo en permanente cambio.

A importancia do desenvolvemento das capacidades relacionadas coa adaptación a este ámbito cambiante implica aprender a analizar ese ámbito e adoptar decisións para situarse adecuadamente nel. É evidente que para respostar a estes desafíos resulta pouco adaptativo continuar mantendo divisións de xénero no ámbito social e comunitario cando o que se necesita é integrar as capacidades e intereses de todos e de todas.

A repercusión da introdución de fórmulas igualitarias no ámbito sociocomunitario na mellora da calidade de vida da cidadanía é indubidable e aportará consecuencias positivas no posicionamento no mundo laboral e na convivencia cotiá das mulleres e homes de Compostela.

Neste ámbito abordaranse, pois, todos aqueles aspectos relacionados coa participación das persoas nos diferentes espazos dedicados á educación, á cultura, á saúde, ao deporte, e, de forma especial, á participación cidadá nas diferentes entidades sociais con presenza específica en Santiago de Compostela.


ESFERA SOCIOCOMUNITAIA
Tempos
Violencia
Saúde



| ESFERA SOCIOCOMUNITARIA | | |
|---|---|---|
| OBXECTIVO XERAL | | |
| Favorecer a introdución do principio de igualdade en todas as áreas de desenvolvemento da vida cidadá estimulando a participación plena de mulleres e homes e impulsando o labor das entidades e asociacións | | |
| OBXECTIVO ESPECÍFICO | 1.- Posibilitar un cambio de valores e modelos de socialización a través da educación e a formación | |
| MEDIDAS | CONCELLARÍAS IMPLICADAS | OUTRAS ENTIDADES IMPLICADAS |
| Fomentar a realización nos centros educativos de programas que favorezan a autonomía persoal de mozas e mozos no ámbito doméstico e de coidados favorecendo a corresponsabilidade desde as idades máis temperás. | • B. S. e Igualdade<br>• Educación/Centros Socioculturais | • As. Mulleres<br>• ANPAS<br>• Consellos Escolares |
| Distribuir nos centros educativos materiais didácticos dirixidos á poboación infantil abordando temas relacionados coa igualdade, a erradicación da violencia... | • B. S. e Igualdade<br>• Educación<br>• Cultura/Centros SC<br>• Xuventude<br>• P. Lingüística | • As. Mulleres<br>• ANPAS<br>• Consellos Escolares<br>• Editoriais<br>• MMCC |
| Realizar actividades relacionadas coa igualdade e as relacións exentas de violencia nos eventos dirixidos á poboación infantil e xuvenil organizados polo Concello. | • B. S. e Igualdade<br>• Educación<br>• Cultura/Centros SC<br>• Xuventude<br>• P. Lingüística | • As. Mulleres<br>• ANPAS<br>• MMCC |
| Incluír nas actividades formativas das escolas de nais e pais formación en igualdade e na prevención de violencia. | • B. S. e Igualdade<br>• Educación<br>• Xuventude<br>• Cultura/Centros S.C. | • As. Mulleres<br>• ANPAS<br>• Consellos Escolares<br>• As. Culturais |

| | | |
|---|---|---|
| Proporcionar formación en materia de igualdade ao persoal adicado á educación non formal nas actividades municipais. | • B. S. e Igualdade<br>• Emprego/ P. Económica<br>• Persoal | • As. Mulleres<br>• ANPAS<br>• Consellos Escolares<br>• As. Culturais<br>• As. Deportivas |
| Fomentar a utilización de materiais lúdicos, educativos e didácticos non sexistas nos departamentos municipais destinados á atención e formación de menores. | • B. S. e Igualdade<br>• Educación<br>• Cultura/Centros S.C.<br>• Medio ambiente<br>• P. Lingüística | • As. Mulleres<br>• ANPAS<br>• Consellos Escolares<br>• As. Culturais<br>• As. Deportivas |
| Deseñar as actividades dirixidas á poboación infantil e xuvenil introducindo a perspectiva de xénero. | • B. S. e Igualdade<br>• Educación<br>• Xuventude<br>• Cultura/Centros S.C.<br>• Medio ambiente | • As. Mulleres<br>• As. Culturais<br>• As. Xuvenís<br>• As. Deportivas |
| Continuar realizando accións de sensibilización dirixidas á comunidade educativa sobre a educación en igualdade, o fomento de relacións non violentas, a corresponsabilidade familiar... | • B. S. e Igualdade<br>• Educación<br>• Xuventude<br>• Cultura | • As. Mulleres<br>• ANPAS<br>• Consellos Escolares<br>• As. Culturais |

| OBXECTIVO ESPECÍFICO | 2.- Contribuír á erradicación da violencia contra as mulleres no ámbito sociocomunitario | |
|---|---|---|
| **MEDIDAS** | **CONCELLARÍAS IMPLICADAS** | **OUTRAS ENTIDADES IMPLICADAS** |
| Organizar actividades dirixidas á xente nova en materia de erradicación da violencia de xénero. | • B. S. e Igualdade<br>• Educación<br>• Xuventude<br>• Centros Socioculturais | • As. Mulleres<br>• ANPAS<br>• Consellos Escolares<br>• Comunidade educativa<br>• MMCC |
| Realizar en colaboración con entidades e asociacións guías informativas en materia de violencia atendendo á supresión de barreiras de comunicación na linguaxe. | • B. S. e Igualdade<br>• Seguridade<br>• Infraestructruras<br>• Participación Cidadá<br>• Centros Socioculturais | • As. Mulleres<br>• Entidades que traballan con mulleres<br>• Organismos autonómicos<br>• Organismos provinciais<br>• MMCC |

| OBXECTIVO ESPECÍFICO | 3.- Potenciar e incentivar as achegas das mulleres aos ámbitos relacionados coa cultura | |
|---|---|---|
| **MEDIDAS** | **CONCELLARÍAS IMPLICADAS** | **OUTRAS ENTIDADES IMPLICADAS** |
| Realizar campañas de sensibilización co obxectivo de recuperar e pór en valor a historia das mulleres e a súa contribución ao progreso cultural. | • B. S. e Igualdade<br>• Turismo/Promoción Económica<br>• Cultura/ Centros SC<br>• Educación<br>• Participación Cidadá<br>• P. Lingüística | • As. Mulleres<br>• As. Culturais<br>• Entidades que traballan en materia de igualdade<br>• Universidade<br>• MMCC |
| Dar a coñecer a historia das santiaguesas ilustres, e daquelas que figuran no rueiro e que formaron en definitiva parte da historia da cidade. | • B. S. e Igualdade<br>• Turismo/Promoción Económica<br>• Cultura/Centros SC<br>• Educación<br>• Participación Cidadá | • As. Mulleres<br>• As. Culturais<br>• Entidades que traballan en materia de igualdade<br>• Universidade<br>• Entidades turísticas<br>• MMCC |

| | | |
|---|---|---|
| Incentivar a produción literaria e creadora realizada por mulleres en materia de igualdade, publicitando o premio municipal Xohana Torres. | • B. S. e Igualdade<br>• Cultura<br>• Educación<br>• P. Lingüística | • As. Mulleres<br>• As. Culturais<br>• Entidades que traballan en materia de igualdade<br>• Universidade<br>• Entidades turísticas<br>• MMCC |
| Incentivar as representacións artísticas organizadas polo Concello, tentando de dar a coñecer artistas galegas de todos os campos. | • B. S. e Igualdade<br>• Cultura/Centros SC<br>• Educación<br>• P. Lingüística<br>• Participación Cidadá | • As. Culturais<br>• Entidades que traballan en materia de igualdade<br>• Universidade<br>• Entidades turísticas<br>• MMCC |
| Promover encontros periódicos entre mulleres creadoras compostelás e difundir as súas achegas ao patrimonio artístico e cultural de Santiago. | • B. S. e Igualdade<br>• Promoción Económica/Turismo<br>• Cultura<br>• Educación<br>• P. Lingüística<br>• Participación Cidadá | • As. Mulleres<br>• As.Culturais<br>• Entidades que traballan en materia de igualdade<br>• Universidade<br>• Entidades turísticas<br>• MMCC |
| Apoiar aos equipos deportivos femininos. | • B. S. e Igualdade<br>• Cultura<br>• Educación<br>• P. Lingüística<br>• Participación Cidadá | • As. Mulleres<br>• As. Culturais<br>• Clubes deportivos<br>• As. Veciñais<br>• Centros educativos |

| OBXECTIVO ESPECÍFICO | 4.- Incrementar os niveis de saúde da poboación feminina compostelá | |
|---|---|---|
| **MEDIDAS** | **CONCELLARÍAS IMPLICADAS** | **OUTRAS ENTIDADES IMPLICADAS** |
| Elaborar en colaboración co Centro de Planificación Familiar programas de saúde sexual e reprodutiva dirixidos a diversos colectivos de mulleres compostelás, e, especificamente, a aqueles en situación de desvantaxe social. | • B. S. e Igualdade<br>• Sanidade<br>• Educación<br>• Seguridade<br>• Xuventude | • COF<br>• As. Mulleres<br>• Entidades que traballan en materia de igualdade |
| Fomentar a realización de programas integrais de envellecemento activo incluíndo cuestións relacionadas co deporte, a alimentación, os autocoidados, a cultura, as relacións interpersoais... | • B. S. e Igualdade<br>• Sanidade<br>• Cultura<br>• Participación Cidadá<br>• Deportes | • As. Mulleres<br>• Centros sanitarios<br>• As. Sanitarias<br>• Entidades que traballan en materia de igualdade<br>• MMCC |
| Impulsar e achegar a información ás asociacións de mulleres e as asociacións veciñais sobre alimentación saudable, prevención de enfermidades con incidencia específica nas mulleres, autocoidado, ... | • B. S. e Igualdade<br>• Sanidade<br>• Cultura<br>• Seguridade<br>• Educación<br>• Participación Cidadá | • As. Mulleres<br>• As. Veciñais<br>• Entidades que traballan en materia de igualdade |



| OBXECTIVO ESPECÍFICO | 5.-Colaborar coas asociacións e entidades cidadás e fomentar a participación de homes e mulleres nas diversas propostas realizadas polas mesmas. | |
|---|---|---|
| **MEDIDAS** | **CONCELLARÍAS IMPLICADAS** | **OUTRAS ENTIDADES IMPLICADAS** |
| Potenciar as asociacións de mulleres e a súa participación no Consello Municipal das Mulleres | • B. S. e Igualdade<br>• Participación Cidadá | • As. Mulleres<br>• Entidades que traballan en Igualdade |
| Manter a liña de finanzamento para apoiar as actividades realizadas polas asociacións de mulleres, potenciando o traballo en rede | • B. S. e Igualdade | • As. Mulleres<br>• Entidades que traballan en Igualdade |
| Difundir as actividades que se organizan na ciudade para a Igualdade | • B. S. e Igualdade<br>• Educación<br>• Cultura<br>• Deportes | • As. Mulleres<br>• As. Culturais<br>• Universidade |
| Incentivar e promover o asociacionismo das mulleres no ámbito rural, como canle de comunicación e relación | • B. S. e Igualdade<br>• Participación Cidadá | • As. Mulleres<br>• MMCC |
| Favorecer a creación de redes entre as asociacións de mulleres e de homes que traballen en prol da Igualdade | • B. S. e Igualdade<br>• Participación Cidadá | • As. Mulleres<br>• Voluntariado<br>• MMCC |
| Visibilizar e incentivar o labor realizado polas entidades e asociacións de mulleres que traballan con colectivos en situación de desvantaxe social | • B. S. e Igualdade | • Entidades e colectivos que traballan con mulleres<br>• Asociacións Sociais<br>• Voluntariado |

| | | |
|---|---|---|
| Establecer protocolos de atención dirixidos ás mulleres en situación de desvantaxe social en colaboración coas entidades adicadas ao traballo neste sector | • B. S. e Igualdade<br>• Promoción Económica | • Entidades e colectivos que traballan en materia de igualdade<br>• Asociacións Sociais<br>• Asociacións Empresariais<br>• Asociacións de Inclusión Social |
| Difundir a través da rede sociolaboral as políticas de igualdade | • B. S. e Igualdade | • Entidades e colectivos que traballan en igualdade<br>• Asociacións Sociais<br>• Universidade |
| Potenciar o asociacionismo de colectivos de mulleres na defensa dos seus dereitos específicos: empregadas do fogar, inmigrantes, mulleres con diversidade funcional, coidadoras… | • B. S. e Igualdade<br>• Participación Cidadá | • As. Mulleres<br>• Colectivos sociais<br>• Entidades que traballan para a igualdade |

## INTRODUCIÓN DO PRINCIPIO DE IGUALDADE NA ESFERA DE COOPERACIÓN INSTITUCIONAL

No ámbito económico, social, persoal, enfróntamonos a novos retos aos que mulleres e homes deben poder dar resposta en igualdade de condicións. Algúns destes retos precisan da cobertura da Administración local e do apoio e cooperación doutras institucións e organismos que son as entidades responsables da creación e desenvolvemento de programas e proxectos que garantan globalmente a igualdade entre mulleres e homes. Programas e proxectos que necesariamente terán un carácter integrador con perspectiva de continuidade no tempo para garantir a consolidación do principio de igualdade en todos os ámbitos de vida das persoas.

A cooperación é indispensable nos programas de emprego, nos de saúde, nos de educación, nos de erradicación da violencia contra as mulleres, nos de cultura, nos de benestar ou nos elaborados para a atención das persoas en situación de maior vulnerabilidade social e persoal.

Neste senso, o compromiso co principio de igualdade e a sensibilización nesta materia é unha ferramenta que pode achegar os recursos necesarios para afrontar os novos retos ademais de permitir a adecuación das políticas municipais do Concello de Santiago de Compostela á normativa autonómica, estatal e internacional que existe na materia.

O Concello compostelán é consciente de que toda a sociedade precisa, para afondar na súa democratización, mellorar o benestar da poboación en xeral e posibilitar o desenvolvemento das capacidades individuais que estean mediatizadas polos estereotipos de xénero, xa que isto permitirá o aproveitamento de todas as potencialidades das súas cidadás e dos seus cidadáns. Esta certeza que vincula á poboación compostelá en xeral para o seu óptimo desenvolvemento require profesionais e responsables da política con implicación para a utilización e implantación de estratexias que favorezan a mellora da situación das mulleres e tamén dos homes.

Esta función ten que ser realizada desde a cooperación formulada en dúas vertentes: unha externa de cooperación entre institucións e outra interna que permita presentar actuacións municipais globais e coordinadas desde a perspectiva de xénero.

A colaboración interadministrativa coas institucións presentes na cidade e intraadministrativa entre todas as concellarías compostelás posibilita, aunando esforzos, establecer criterios obxectivos e válidos que sirvan para identificar e analizar calquera situación en calquera ámbito que poida supoñer un trato discriminatorio para as mulleres e suxerir e implantar medidas correctoras de longo alcance que contribúan á consolidación da igualdade real e efectiva entre mulleres e homes.



| ESFERA COOPERACIÓN INSTITUCIONAL | | |
|---|---|---|
| **OBXECTIVO XERAL** | | |
| **Consolidar as canles de cooperación interinstitucional para alcanzar a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes** | | |
| **OBXECTIVO ESPECÍFICO** | **1.- Establecer e consolidar estruturas de coordinación interadministrativa para a aplicación do principio de igualdade.** | |
| **MEDIDAS** | **CONCELLARÍAS IMPLICADAS** | **OUTRAS ENTIDADES IMPLICADAS** |
| Impulsar a creación dunha comisión técnica de seguimento e coordinación para abordar a violencia contra as mulleres na cidade de Santiago. | • B. S. e Igualdade<br>• Seguridade Cidadá<br>• Sanidade<br>• Xuventude | • Secretaría Xeral da Igualdade<br>• Forzas e Corpos de Seguridade<br>• Delegación do Goberno<br>• Consellería de Traballo<br>• Consellería de Sanidade<br>• Unidade de Medicina Forense<br>• Colexio de Avogados |
| Establecer itinerarios cos diferentes axentes sociais e profesionais con implicación en materia de violencia de xénero, para impulsar protocolos conxuntos. | • B. S. e Igualdade | • Forzas e Corpos de Seguridade<br>• Policia Municipal<br>• Centros de Saúde<br>• Unidade de Medicina Forense<br>• Xulgado de Violencia<br>• Colexio de Avogados<br>• Colexio de Psicoloxía |
| Favorecer e colaborar na dotación de recursos dirixidos á recuperación e atención integral das mulleres vítimas de violencia. | • B. S. e Igualdade | • Secretaría Xeral da Igualdade |
| Divulgar todas as actuacións, liñas de traballo e campañas relacionadas coa igualdade realizadas por organismos públicos, administracións ou entidades. | • B. S. e Igualdade | • Secretaría Xeral da Igualdade<br>• Delegación do Goberno<br>• Deputación Provincial<br>• Ministerio de Igualdade<br>• Universidade |

| | | |
|---|---|---|
| Participar en actuacións e programas internacionais en prol da igualdade entre homes e mulleres. | • B. S. e Igualdade<br>• Relacións institucionais | • Institucións Europeas<br>• Ministerio de Igualdade<br>• Outras rexións Europeas<br>• As. Mulleres |
| Establecer mecanismos de colaboración coa universidade e outras entidades para impulsar a realización de estudos e investigacións en materia de igualdade. | • B. S. e Igualdade | • Universidade<br>• Outras institucións |
| Instar á creación dun observatorio sobre discriminación laboral. | • B. S. e Igualdade<br>• Emprego | • Secretaría Xeral de Traballo<br>• Secretaría Xeral da Igualdade<br>• Sindicatos |
| Impulsar a participación de organismos e institucións no Plan de Programación do Tempo da Cidade. | • B. S. e Igualdade<br>• Todas as Concellerías | • Departamentos<br>• Institucións<br>• Organizacións socias e empresariais |
| Cooperar na implantación de programas de saúde con perspectiva de xénero. | • B. S. e Igualdade<br>• Sanidade<br>• Xuventude | • Consellería de Sanidade<br>• Universidade<br>• Asociacións Sociosanitarias<br>• Colexios Profesionais |
| Colaborar coas diferentes administracións provincial, autonómica e central, para a creación dos recursos necesarios para incrementar os niveis de igualdade na cidade. | • B. S. e Igualdade | • Secretaría Xeral da Igualdade<br>• Deputación Provincial |

| **OBXECTIVO ESPECÍFICO** | **2.- Impulsar a coordinación intraadministrativa para a aplicación transversal de políticas de igualdade.** | |
|---|---|---|
| **MEDIDAS** | **CONCELLARÍAS IMPLICADAS** | **OUTRAS ENTIDADES IMPLICADAS** |
| Potenciar a inclusión do enfoque de xénero no deseño e elaboración das políticas e accións municipais. | • Todas as Concellarías | |
| Deseñar ferramentas que permitan avaliar os resultados das actuacións municipais desde a perspectiva de xénero. | • Todas as Concellarías | |
| Realizar informes de impacto de xénero das normas elaboradas polo Concello. | • Todas as Concellarías | |
| Impulsar e consolidar en colaboración coas Concellarías o Plan de Programación do Tempo da Cidade. | • Todas as Concellarías | |
| Promover e fomentar a colaboración interconcellarías para a utilización dunha linguaxe non sexista tanto oral como escrita e audiovisual na elaboración de documentos, emisión de mensaxes, realización de publicacións, organización de campañas, etc. | • Todas as Concellarías | |
| Promover que nas memorias das entidades subvencionadas polo Concello de Santiago se presenten os datos desagregados por sexo e por circunstancias asociadas e se utilice unha linguaxe exenta de estereotipos sexistas. | • Todas as Concellarías | |

| | | |
|---|---|---|
| Promover a introdución do principio de igualdade na prevención de riscos laborais no Concello de Santiago de Compostela. | • Todas as Concellarías | |
| Fomentar a inclusión sistemática da variable sexo nas estatísticas, enquisas e recollida de datos que leve a cabo o Concello en relación coa investigación de accidentes e baixas laborais. | • Todas as Concellarías | |
| Realizar os estudos previos da inclusión do principio de igualdade nos orzamentos municipais propoñendo a súa análise dende unha perspectiva de xénero. | • Todas as Concellarías | |
| Priorizar a contratación de servizos e a compra e subministro de produtos con empresas e entidades que teñan obtido a Marca Galega de Excelencia en Igualdade. | • Todas as Concellarías | |
| Fomentar a participación das Concellarías nas actuacións dirixidas a erradicar a violencia contra as mulleres. | • Todas as Concellarías | |
| Crear unha mesa para o seguimento do Plan de Igualdade | • B. S. e Igualdade<br>• Todas as Concellerías | |

| MEDIDAS QUE RESPOSTAN ÁS NECESIDADES PRÁCTICAS DE XÉNERO | MEDIDAS QUE RESPOSTAN ÁS NECESIDADES ESTRATÉXICAS DE XÉNERO |
|---|---|
| **ESFERA CONVIVENCIAL** | |
| Impulsar a inclusión nos baremos deseñados para a adxudicación de prazas nas escolas infantís de circunstancias relacionadas coa violencia de xénero, coa responsabilidade exclusiva sobre os e as menores e con situacións marcadas pola desvantaxe social.<br><br>Difundir o programa de apoio psicolóxico ás mulleres en fase de separación a través da mediación familiar.<br><br>Indexar na páxina web do Concello unha guía de recursos existentes para a prevención e actuación en caso de violencia.<br><br>Elaborar a guía ¿É violencia? para a detección de situacións iniciais de violencia de xénero.<br><br>Establecer contactos e intercambios estables de experiencias entre profesionais e persoas expertas en violencia.<br><br>Elaborar itinerarios de derivación e intervención.<br><br>Difundir os servizos de atención a situacións de violencia cos que conta a cidade de Santiago.<br><br>Elaborar unha recompliación de receitas tradicionais realizada a través da participación das mulleres compostelás.<br><br>Recuperar a historia das mulleres e das súas achegas ao desenvolvemento socioeconómico da cidade a través de entrevistas, enquisas, recompilación de fotografías, historias persoais… | Realizar cursos de democracia doméstica nos diferentes barrios do Concello potenciando a participación de homes.<br><br>Ofertar servizos de atención a menores nas actividades culturais, políticas, deportivas, etc., nas que participe fundamentalmente público masculino.<br><br>Deseñar cursos de habilidades domésticas desde a perspectiva de xénero dirixidas a homes.<br><br>Realizar campañas sobre a necesaria corresponsabilidade entre mulleres e homes e os seus beneficios socioeconómicos.<br><br>Propiciar a participación dos pais nas actividades escolares e educativas favorecendo a súa intervención nas ANPAS.<br><br>Elaborar un folleto divulgativo sobre a cantidade e cualidade dos coidados que os homes aportan ás relacións familiares.<br><br>Destacar entre a poboación compostelá estratexias e boas prácticas sobre reparto equitativo de tempos e corresponsabilidade doméstica e de coidados.<br><br>Promover nos espazos de lecer dirixidos á poboación infantil un servizo de animación itinerante que posibilite o goce dun tempo propio ás persoas coidadoras.<br><br>Favorecer a utilización das infraestruturas de ocio escolares nos tempos non lectivos. |

| | |
|---|---|
| Promover a realización de exposicións de artesanía dirixidas ao público en xeral para dar a coñecer o patrimonio cultural feminino.<br><br>Realizar campañas de prevención do consumo de tabaco, alcohol e outras adiccións específicas para as mulleres.<br><br>Impulsar campañas de prevención con perspectiva de xénero.<br><br>Promover o respiro das coidadoras habituais de persoas dependentes posibilitando o coidado por parte doutras persoas.<br><br>Realizar campañas para facer visibles os problemas diferenciais de saúde das mulleres: cardiovasculares, endocrinos, musculo-esqueléticos.<br><br>Divulgar as “verdades ou mentiras” sobre situacións “normais” de saúde específicas da muller: menopausia, embarazo, dismenorreas, puerperio, fibromialxia…<br><br>Elaborar unha guía dirixida ao público feminino en xeral sobre autocoidados e coidados de coidadoras no ámbito doméstico.<br><br>Realizar actuacións formativas sobre autoestima e empoderamento específicamente dirixidas a mulleres.<br><br>Propiciar espazos de encontro e debate sobre a saúde das mulleres maiores con consellos prácticos sobre alimentación, hixiene, medicación, coidados, actividade física, relacións sociais…<br><br>Elaborar material divulgativo sobre “A aceptación do propio corpo” dirixido a público adolescente orientado á prevención temperá dos trastornos da alimentación e a desbotar estereotipos de beleza e normas de indumentaria. | Reorganizar os espazos de lecer públicos de xeito que garantan a convivencia interxeneracional incorporando zonas de actividades comúns para menores e persoas adultas, elementos para actividade física de maiores tales como parques biosaudábeis, etc.<br><br>Deseñar rutas de sendeirismo urbán e rural dirixidos á poboación que precisa realizar actividades físicas de intensidade moderada dotadas da suficiente confortabilidade e seguridade: baños, zonas de descanso, iluminación, cabina telefónica… |

<table>
<tr><td>Difundir o programa de canguros municipal para posibilitar a atención de menores no medio rural.<br><br>Recomendar a mellora da iluminación pública nos espazos urbanos e rurais utilizados nos tempos de lecer e os itinerarios habituais das mulleres.<br><br>Designar lugares específicos e mecanismos destinados ao aparcamento de carros de bebés nos espazos públicos, especialmente os de lecer.<br><br>Dar continuidade e seguir mellorando os horarios de ludotecas e escolas infantís ás necesidades das persoas responsables dos e das menores.</td><td></td></tr>
<tr><td colspan="2">ESFERA LABORAL</td></tr>
<tr><td>Ampliar as accións de integración laboral das mulleres de etnias minoritarias, especialmente de etnia xitana, mediante o convenio coa Fundación Secretariado Xitano.<br><br>Realizar cursos de formación para mulleres inmigrantes, para a adaptación a usos e costumes da vida cotiá en Galicia: cociña, hixiene...<br><br>Realizar así mesmo, e en sentido inverso, cursos deseñados por mulleres inmigrantes sobre os usos e costumes dos seus países de orixe dirixidos ás mulleres galegas, e fomentar a visibilización destes costumes (gastronómicas, musicais, culturais) en foros como mostras na rúa, demostracións en centros sociais, etc.<br><br>Deseñar Itinerarios de inserción laboral para mulleres e especialmente para mulleres vítimas de violencia de xénero.</td><td>Elaborar e difundir materiais e información dirixida ao empresariado de Compostela expoñendo os beneficios que supón a contratación de mulleres novas e maiores de 45 anos, sobre bonificacións asociadas á contratación de mulleres vítimas de violencia e desmontando os estereotipos asociados ás mulleres no eido do emprego (relacionados co embarazo, absentismo, ambiente laboral, actividades profesionais segundo xénero...) que tan perniciosos son para o seu acceso, permanencia e promoción nas empresas.<br><br>Informar da normativa para a contratación regular das mulleres inmigrantes que traballan no servizo doméstico ou en servizos de proximidade á poboación empregadora a través da Oficina de Inmigración do Concello.</td></tr>
</table>

Organizar cursos e actividades de formación para facilitar o acceso das mulleres ás técnoloxías da información e comunicación, especialmente para mulleres afectadas de diversidade funcional para que poidan ser utilizadas como ferramentas de comunicación, formación e traballo.

Realizar por parte do Concello programas formativos de fomento do emprego dirixidos ás mulleres en situación de paro de longa duración, mulleres maiores de 45 anos e outros colectivos especialmente vulnerables.

Elaborar coas persoas en situación de desvantaxe social itinerarios de inserción realizados por especialistas en orientación laboral, nos que se contemplen as necesidades, potencialidades e intereses das persoas así como as tendencias do mercado.

Desenvolver actividades de captación e motivación ao emprego dirixidas a persoas en situación inactiva.

Promover a atención personalizada a desempregadas ausentes do mercado laboral mediante a realización de entrevistas personalizadas co obxectivo de orientarlles cara á formación para o emprego a inserción por conta allea e por conta propia.

Informar sobre os dereitos das empregadas do fogar proporcionando información sobre remuneración salarial, cotizacións sociais, etc.

Establecer nos baremos utilizados para a selección de alumnado de cursos formativos incentivos destinados a preferenciar a selección de mulleres en situación de desvantaxe social.

Realizar informes de impacto de xénero das actividades de formación continua e inserción laboral levadas a cabo polo Concello, co obxecto de determinar se se inclúe nelas o principio de igualdade de forma sistemática e se os obxectivos acadados dan resposta á súa introdución.

Promover a creación dun Observatorio Permanente para a Igualdade nas Empresas co obxectivo de dar a coñecer periodicamente os avances en materia de igualdade implantados polas empresas compostelás.

Propoñer ao Concello que nos pregos de cláusulas administrativas particulares se prime ás empresas que acrediten ter en vigor un plan de igualdade.

Crear un premio de emprendemento igualitario destinado a aquelas empresas compostelás que destaquen na introdución do principio de igualdade no ámbito da inserción, permanencia e promoción de mulleres no mercado laboral.

Colaborar na difusión dos plans de igualdade elaborados por empresas de Compostela.

Difundir a Lei de Traballo en Igualdade das Mulleres de Galicia entre o empresariado.

Potenciar a introdución da perspectiva de xénero na planificación formativa ocupacional do Concello.

Divulgar os certificados de profesionalidade, consonte o Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais para contribuír ao avance da formación e da aprendizaxe permanente.

Potenciar a realización de campañas de sensibilización para a diversificación de opcións formativas e profesionais das mulleres e dos homes.

| | |
|---|---|
| Realizar itinerarios de formación dirixidos específicamente ás mulleres en situación de desvantaxe social adecuando os contidos, horarios e lugares de impartición da formación á súa dispoñibilidade.<br><br>Organizar itinerarios de inserción específicos para mulleres que desexan abandonar a actividade prostitutiva en colaboración con entidades e organismos que traballan habitualmente con este colectivo.<br><br>Crear un premio destinado ás mulleres emprendedoras.<br><br>Animar e apoiar as iniciativas empresariais encabezadas por mulleres, a través dun sistema de información específico para a creación e consolidación de proxectos de empredemento.<br><br>Favorecer a contratación preferente para realizar o servizo de asistencia domiciliaria de empresas lideradas por mullleres ou de empregadas autónomas adicadas a este sector laboral, incluíndo dita prioridade no prego de cláusulas administrativas de contratación do Concello.<br><br>Realizar cursos de reciclaxe profesional vinculados ás demandas do mercado de traballo, aos compromisos de contratación e aos xacementos profesionais non tradicionais.<br><br>Promover dende o Concello, cursos de formación para mulleres naqueles oficios e profesións nas que estean subrepresentadas.<br><br>Garantir a accesibilidade das mulleres soas con responsabilidades familiares aos cursos de formación impulsando o servizo de canguros para a atención colectiva de menores. | Visibilizar as mulleres que ostentan postos decisorios.<br><br>Conformar a Mesa de Conciliación para a realización dun estudio sobre o uso do tempo na cidade.<br><br>Difundir a través das organizacións sindicais a información sobre as medidas vixentes en materia de conciliación dirixidas aos varóns.<br><br>Visibilizar as empresas compostelás que implantan medidas de conciliación entre a vida persoal, familiar e profesional.<br><br>Divulgar a oferta formativa das organizacións empresariais que inclúa a perspectiva de xénero.<br><br>Realizar campañas nos centros de traballo que amosen o rexeitamento da violencia de xénero.<br><br>Divulgar entre as entidades empresariais as medidas previstas na normativa vixente referidas á seguridade e integridade das traballadoras vítimas de violencia de xénero. |

| | |
|---|---|
| Promover a realización de campañas de difusión e sensibilización específicamente dirixidas á prevención dos riscos laborais que se producen maioritariamente en sectores profesionais feminizados.<br><br>Informar sobre os autocoidados necesarios para garantir a saúde das persoas empregadas no traballo doméstico e de coidados.<br><br>Apoiar as vítimas de acoso sexual no traballo, proporcionándolles asesoramento xurídico e psicosocial. | |
| **ESFERA SOCIOCOMUNITARIA** | |
| Realizar en colaboración con entidades e asociacións guías informativas en materia de violencia atendendo á supresión de barreiras de comunicación na linguaxe.<br><br>Incentivar a produción literaria e creadora realizada por mulleres en materia de igualdade, publicitando o premio municipal Xohana Torres.<br><br>Incentivar as representacións artísticas organizadas polo Concello, tentando de dar a coñecer artistas galegas de todos os campos.<br><br>Promover encontros periódicos entre mulleres creadoras compostelás e difundir as súas achegas ao patrimonio artístico e cultural de Santiago.<br><br>Apoiar aos equipos deportivos femininos.<br><br>Elaborar en colaboración co Centro de Planificación Familiar programas de saúde sexual e reprodutiva dirixidos a diversos colectivos de mulleres compostelás, e, especificamente, a aqueles en situación de desvantaxe social. | Proporcionar formación en materia de igualdade ao persoal adicado á educación non formal nas actividades municipais.<br><br>Fomentar a utilización de materiais lúdicos, educativos e didácticos non sexistas nos departamentos municipais destinados á atención e formación de menores.<br><br>Deseñar as actividades dirixidas á poboación infantil e xuvenil introducindo a perspectiva de xénero.<br><br>Continuar realizando accións de sensibilización dirixidas á comunidade educativa sobre a educación en igualdade, o fomento de relacións non violentas, a corresponsabilidade familiar...<br><br>Fomentar a realización nos centros educativos de programas que favorezan a autonomía persoal de mozas e mozos no ámbito doméstico e de coidados favorecendo a corresponsabilidade desde as idades máis temperás. |

Fomentar a realización de programas integrais de envellecemento activo incluíndo cuestións relacionadas co deporte, a alimentación, os autocoidados, a cultura, as relacións interpersoais...

Impulsar e achegar a información ás asociacións de mulleres e as asociacións veciñais sobre alimentación saudable, prevención de enfermidades con incidencia específica nas mulleres, autocoidado, ...

Potenciar as asociacións de mulleres e a súa participación no Consello Municipal das Mulleres.

Manter a liña de finanzamento para apoiar as actividades realizadas polas asociacións de mulleres, potenciando o traballo en rede.

Difundir as actividades que se organizan na cidade para a igualdade.

Incentivar e promover o asociacionismo das mulleres no ámbito rural, como canle de comunicación e relación.

Favorecer a creación de redes entre as asociacións de mulleres e de homes que traballen en prol da igualdade.

Visibilizar e incentivar a labor realizada polas entidades e asociacións de mulleres que traballan con colectivos en situación de desvantaxe social.

Establecer protocolos de atención dirixidos ás mulleres en situación de desvantaxe social en colaboración coas entidades adicadas ao traballo neste sector.

Difundir a través da rede sociolaboral as políticas de igualdade.

Distribuír nos centros educativos materiais didácticos dirixidos á poboación infantil abordando temas relacionados coa igualdade, a erradicación da violencia…

Realizar actividades relacionadas coa igualdade e as relacións exentas de violencia nos eventos dirixidos á poboación infantil e xuvenil organizados polo Concello.

Incluír nas actividades formativas das escolas de nais e pais formación en igualdade e na prevención de violencia.

Organizar actividades dirixidas á xente nova en materia de erradicación da violencia de xénero.

Realizar campañas de sensibilización co obxectivo de recuperar e pór en valor a historia das mulleres e a súa contribución ao progreso cultural.

Dar a coñecer a historia das santiaguesas ilustres, e daquelas que figuran no rueiro e que formaron en definitiva parte da historia da cidade.

<table>
<tr><td>Potenciar o asociacionismo de colectivos de mulleres na defensa dos seus dereitos específicos: empregadas do fogar, inmigrantes, mulleres con diversidade funcional, coidadoras…</td><td></td></tr>
<tr><td colspan="2">ESFERA DE COOPERACIÓN INSTITUCIONAL</td></tr>
<tr><td>Establecer itinerarios cos diferentes axentes sociais e profesionais con implicación en materia de violencia de xénero, para impulsar protocolos conxuntos.<br><br>Favorecer e colaborar na dotación de recursos dirixidos á recuperación e atención integral das mulleres vítimas de violencia.<br><br>Colaborar coas diferentes administracións provincial, autonómica e central, para a creación dos recursos necesarios para incrementar os niveis de igualdade na cidade.<br><br>Establecer mecanismos de colaboración coa universidade e outras entidades para impulsar a realización de estudos e investigacións en materia de igualdade.<br><br>Cooperar na implantación de programas de saúde con perspectiva de xénero.<br><br>Promover e fomentar a colaboración interconcellarías para a utilización dunha linguaxe non sexista tanto oral como escrita e audiovisual na elaboración de documentos, emisión de mensaxes, realización de publicacións, organización de campañas, etc.<br><br>Promover que nas memorias das entidades subvencionadas polo Concello de Santiago se presenten os datos desagregados por sexo e por circunstancias asociadas e se utilice unha linguaxe exenta de estereotipos sexistas.</td><td>Impulsar a creación dunha comisión técnica de seguimento e coordinación para abordar a violencia contra as mulleres na cidade de Santiago.<br><br>Divulgar todas as actuacións, liñas de traballo e campañas relacionadas coa igualdade realizadas por organismos públicos, administracións ou entidades.<br><br>Participar en actuacións e programas internacionais en prol da igualdade entre homes e mulleres.<br><br>Impulsar a participación de organismos e institucións no Plan de Programación do Tempo da Cidade.<br><br>Instar á creación dun observatorio sobre discriminación laboral.<br><br>Potenciar a inclusión do enfoque de xénero no deseño e elaboración das políticas e accións municipais.<br><br>Deseñar ferramentas que permitan avaliar os resultados das actuacións municipais desde a perspectiva de xénero.<br><br>Realizar informes de impacto de xénero das normas elaboradas polo Concello.<br><br>Impulsar e consolidar en colaboración coas Concellarías o Plan de Programación do Tempo da Cidade.</td></tr>
</table>

| | |
|---|---|
| Promover a introdución do principio de igualdade na prevención de riscos laborais no Concello de Santiago de Compostela.<br><br>Fomentar a participación das Concellarías nas actuacións dirixidas a erradicar a violencia contra as mulleres. | Realizar os estudos previos da inclusión do principio de igualdade nos orzamentos municipais propoñendo a súa análise dende unha perspectiva de xénero.<br><br>Priorizar a contratación de servizos e a compra e subministro de produtos con empresas e entidades que teñan obtido a Marca Galega de Excelencia en Igualdade.<br><br>Fomentar a inclusión sistemática da variable sexo nas estatísticas, enquisas e recollida de datos que leve a cabo o Concello en relación coa investigación de accidentes e baixas laborais.<br><br>Crear unha mesa para o seguimento do Plan de Igualdade. |

## FERRAMENTA AUTOAVALIATIVA DE POLÍTICAS DE IGUALDADE (ACCIÓNS CONCRETAS)

| 1. Descrición: |
|---|
| ACCIÓN A AUTOAVALIAR: |
| ESFERA DO PLAN DE IGUALDADE NA QUE SE INSCRIBE: |
| CONCELLARÍA/S IMPLICADAS NO SEU DESENVOLVEMENTO: |
| PERSOAL IMPLICADO NO SEU DESENVOLVEMENTO: |
| UBICACIÓN FÍSICA E RECURSOS UTILIZADOS: |

| 2. Transversalidade: |
|---|
| GRAO DE TRANSVERSALIDADE (sendo baixo cando só se implica a Concellaría de Igualdade e alto cando a implicación inclúe a máis do 50% de Concellarías): |

| | |
|---|---|
| ALTO | |
| MEDIO | |
| BAIXO | |

| 3. Orzamentos: |
|---|
| ORZAMENTO DESTINADO (TOTAL): |
| % SOBRE DO TOTAL: |
| PROCEDENTE DA CONCELLARÍA DE IGUALDADE: |
| PROCEDENTE DE OUTRAS CONCELLARÍAS (ESPECIFICAR): |
| PROCEDENTE DE OUTRAS ENTIDADES PÚBLICAS (ESPECIFICAR): |
| PROCEDENTE DOUTRAS ENTIDADES PRIVADAS (ESPECIFICAR): |

| 4. Persoas destinatarias: |
|---|
| Nº absoluto e desagregación por sexo:Especificar |
| PERSOAS BENEFICIARIAS. Nº TOTAL: |
| % MULLERES: |
| % HOMES (se procede): |

| Tipo de poboación diana (marcar cun aspa o que proceda): | | |
|---|---|---|
| COLECTIVOS DE MULLERES EN SITUACIÓN DE ESPECIAL VULNERABILIDADE | | Especificar |
| COLECTIVOS PROFESIONAIS/TÉCNICOS | | Especificar |
| ADMINISTRACIÓN | | |
| MULLERES EN XERAL | | |
| POBOACIÓN XERAL | | |

| 5. Impactos directos: |
|---|
| REALIZACIÓNS, OBXECTIVOS CONCRETOS ACADADOS POLA IMPLANTACIÓN DA ACCIÓN:% MULLERES: |
| % HOMES (se procede): |



### 6. Debilidades detectadas na acción desenvolvida:

| | |
|---|---|
| ESCASEZ DE ORZAMENTOS | |
| FALLA DE TRANSVERSALIDADE | |
| POUCA DEMANDA | |
| ESCASEZ DE PERSOAL | |
| FALLOS NO DESEÑO DA ACCIÓN | |
| OUTRAS (ESPECIFICAR) | |

## ANEXO
## GLOSARIO DE TERMOS

**Acción positiva:** estratexia destinada a establecer a igualdade de oportunidades, por medio dunhas medidas que permitan contrastar ou corrixir aquelas discriminacións que son o resultado de prácticas ou sistemas sociais.

**Acoso sexual:** comportamento verbal, non verbal ou físico non desexado e de índole sexual co propósito ou o efecto de atentar contra  a dignidade da persoa creando un ambiente intimidatorio, degradante, humillante ou ofensivo.

**Acoso:** situación na que unha persoa ou grupo de persoas exercen violencia psicolóxica e, en ocasións, incluso física, de xeito sistemático e recurrente por un período de tempo prolongado sobre outra persoa. A súa incidencia no traballo foi denominada co término inglés “*mobbing*”, traducido como “acoso moral no traballo”.

**Acreditación da situación de violencia de xénero:** as vítimas de violencia de xénero que deban acreditar a súa situación para a obtención da adaptación ou cambio do seu posto de traballo, farano mediante a presentación da documentación establecida no artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

**Boa práctica:** modelo de actuación en diferentes eidos que foi deseñado, aprobado e avaliado de xeito positivo e que se pode e debe transferir a outros eidos polos seus bos resultados en materia de igualdade de oportunidades.

**Calidade de vida:** dinámica das actividades profesionais, familiares,sociais e culturais, dunha ou varias persoas, para manter ou incrementar o benestar físico, emocional e de interrelación.

**Capital humano:** término que fai referencia á crucial importancia no proceso produtivo das persoas, da súa formación, das súas capacidades e da súa experiencia. A valoración destas características tende a ser diferente para varóns e mulleres.

**Carga global de traballo:** cómputo total do traballo remunerado e o non remunerado realizado polas traballadoras e traballadores.

**Conciliación da vida laboral, persoal e familiar**: organización do entorno laboral que facilita a mulleres e homes a atención ao traballo remunerado, ás responsabilidades familiares e ás necesidades persoais.

**Corresponsabilidade**: compartir por igual as responsabilidades domésticas e de coidados.

**Cota:** establecemento de porcentaxes de presenza das mulleres con respecto aos homes co fin de paliar a escasa comparecencia das mesmas nalgunha actividade ou ámbito concretos.

**Cota flexible:** cota na que a distribución porcentual de mulleres e homes pode variar en función de determinadas circunstancias e non se establece a obrigatoriedade dunha porcentaxe fixa.

**Cota ríxida:** cota cunha porcentaxe predeterminada de varóns e mulleres sobre do total.

**Desagregación por sexo de datos estatísticos:** recollida sistemática dos datos estatísticos desglosados por sexo, co obxectivo de facilitar a análise dende a perspectiva de xénero e a comparación das situacións de homes e mulleres nunha determinada área.

**Discriminación directa:** situación na que unha persoa sexa, fose ou puidese ser tratada por razón de sexo de maneira menos favorable que outra en situación comparable.

**Discriminación indirecta:** situación na que unha disposición, un criterio ou unha práctica aparentemente neutros sitúan a persoas dun sexo determinado en desvantaxe particular con respecto a persoas do outro sexo, agás que a devandita disposición, criterio ou práctica poidan xustificarse obxectivamente cunha finalidade lexítima e que os medios para alcanzar a devandita finalidade sexan adecuados e necesarios.

**Discriminación positiva:** estratexia destinada a privilexiar a un grupo determinado, coas que se pretende suprimir e previr unha discriminación ou compensar as desvantaxes resultantes de actitudes, comportamentos e estruturas existentes.

**Diversidade funcional:** funcionamento permanente ou temporal dos órganos, de parte ou da totalidade do corpo ou da mente distinto do da maioría da poboación. Os homes e mulleres con diversidade funcional realizan as tarefas de xeito tamén diferente á maioría da poboación. O ámbito debe ser adaptado, mediante as melloras técnicas, formativas e laborais precisas, de xeito que estas persoas poidan desenvolverse nunhas circunstancias non excluíntes.

**Diversificación profesional:** intervencións destinadas a ampliar as opcións de elección profesional dunha persoa ou grupo de persoas. En concreto, enténdese como a incorporación das mulleres a sectores profesionais tradicionalmente masculinizados e ao acceso a altos niveis de toma de decisións, procurando á vez a incorporación dos varóns a ámbitos profesionais tradicionalmente feminizados.

**División sexual do traballo:** supón a división social do traballo e da realidade en dúas esferas, adxudicadas de xeito diferencial a homes e mulleres segundo o seu sexo. Por unha banda, a esfera do traballo produtivo e do espazo público, maioritariamente adscrita aos varóns ao longo da historia e, por outra banda, a esfera do traballo reprodutivo/doméstico e do espazo privado e o coidado, adscrita ás mulleres. A diferenza fundamental entre ambas as dúas esferas radica en que o traballo produtivo é remunerado e o reprodutivo é maioritariamente desenvolvido por mulleres de xeito gratuito, invisible e non reflectido na contabilidade oficial, a pesares do seu alto valor engadido.

**Dobre xornada:** compaxinación do traballo produtivo e reprodutivo por parte das mulleres, con consecuencias físicas e psíquicas para a súa saúde.

**Doula:** muller que acompaña e transmite experiencia, apoio e confianza a outras mulleres durante o proceso da maternidade: embarazo, parto e puerperio.

**Empoderamento:** proceso multidimensional polo que as mulleres, partindo do coñecemento da súa desigual posición na sociedade, determinan a súa lexitimidade e a súa capacidade para participar na toma de decisións e nas esferas de poder, potenciando os seus recursos.

**Estereotipos de xénero:** conxunto de ideas cunha fonda raigame na sociedade que determinan cales son os comportamentos agardados e sancionados para homes e mulleres, xeralmente opostos.

**Feminismo**: movemento social e político que se inicia formalmente a finais do século XVIII e que supón a toma de conciencia das mulleres como grupo ou colectivo humano da discriminación da que foron obxecto por parte do colectivo dos varóns. O feminismo actúa a dous niveis, un na mobilización para conseguir a igualdade; outro para construír unha sociedade que supere a dicotomía home-muller.

**Igualdade (formal e real):** a igualdade como principio outorga os mesmos dereitos a todos os seres humanos, con independencia das súas características físicas, persoais ou socioculturais. A igualdade formal é a prohibición legal de discriminación de calquera persoa, con independencia das características anteriormente citadas. A igualdade real remite ao conxunto de actuacións e políticas tendentes á consecución efectiva do principio de igualdade en todos os eidos da sociedade, mediante a transformación e eliminación dos atrancos que supoñen un impedimento para elo.

**Indicadores de xénero:** aquel tipo de indicadores sociais cuxo fin é indicar e medir os cambios producidos nas relacións de xénero nun momento determinado ou ao longo do tempo.

**Impacto de xénero:** análise ou exame diferencial das consecuencias e do impacto dunha determinada actuación ou política sobre os varóns e as mulleres, co obxectivo de contrastar se ésta afectará de xeito diferente e discriminatorio a un dos sexos, e adaptala e modificala ata corrixir eses efectos non desexados.

**Machismo**: conxunto de todos aqueles actos físicos ou verbais, por medio dos que se manifesta o sexismo subxacente na estrutura social.

**Mainstreaming:** organización, mellora, desenvolvemento e avaliación dos procesos políticos, de xeito que a perspectiva de igualdade de xénero, se incorpore en todas as políticas, niveis e etapas. É un proceso que implica a concepción das actuacións políticas a partir da análise previa desde a perspectiva de xénero.

**Neutralidade de xénero:** teoricamente, as actuacións e as políticas "neutrais ao xénero" afectan por igual a homes e mulleres, na medida en que non se dirixen explícitamente a ningún dos dous sexos. A realidade é que esta neutralidade pode significar unha negación ou invisibilización das diferentes situacións de varóns e mulleres, é dicir, unha "cegueira" fronte ao xénero, polo que a súa aplicación non será equitativa nin os seus resultados neutros. Esta actuación aparentemente neutra suporá, polo tanto, poñer en situación de desvantaxe a un sexo con respecto do outro.

**Paridade:** proporcionalidade na representación de homes e mulleres.

**Persoa dependente:** toda persoa que, polas súas condicións físicas, psíquicas, sociais ou de idade, depende doutra persoa ou persoas para a súa supervivencia e benestar. Esta definición sociolóxica inclúe a nenas e nenos, persoas maiores dependentes e persoas de calquera idade con diversidade funcional física e/ou psíquica.

**Plans de igualdade:** documento de referencia que contén estratexias e instrumentos destinados a desenvolver unha política que oriente as prácticas de igualdade de oportunidades nunha entidade, organismo ou administración concreta

**Políticas de igualdade:** intervencións de tipo político para levar á realidade o principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

**Principio de igualdade:** implica o igual recoñecemento e valoración dos homes e das mulleres, así coma das tarefas, funcións e roles que desenvolven.

**Responsabilidade social empresarial:** compromiso social das institucións e organizacións, tanto públicas coma privadas, co aumento dos niveis de benestar.

**Roles de xénero:** conxunto de tarefas e de funcións asignados socialmente a varóns e mulleres, de xeito diferencial.

**Sala de lactación:** habitación independente dentro do centro de traballo onde as mulleres e homes en período de lactación (natural ou artificial) poidan aleitar aos seus fillos ou fillas con privacidade e comodidade.

**Sala de repouso:** a sala de repouso é unha área de descanso dirixida a traballadoras embarazadas e lactantes.

**Saúde:** nunha concepción integral da mesma, o concepto de saúde remite ao benestar físico, psíquico e social da persoa, e vén determinada non só polas características e circunstancias biolóxicas senón tamén por outro tipo de variables sociais, económicas e de xénero.

**Saúde das mulleres:** Benestar físico, psíquico e social das mulleres ao longo do seu ciclo vital. A saúde das mulleres está condicionada non só pola súa especificidade biolóxica (menstruación, embarazo, parto, lactación e menopausia) como se tende a enfatizar, senón tamén polas súas circunstancias físicas, psíquicas e sociais, asociadas á súa carga global de traballo doméstico, laboral comunitario e de coidado.

**Segregación horizontal:** concentración desigual en función do xénero de homes e mulleres en determinadas ocupacións e determinados sectores de actividade.

**Segregación vertical:** discriminación xerárquica pola cal os varóns ocupan os postos de maior nivel profesional, salarial e de prestixio nas distintas ocupacións, mentres que as mulleres se sitúan maioritariamente nos postos inferiores, aínda que cando estas ocupacións sexan desempeñadas por mulleres na súa meirande parte.

**Sexismo:** crenza na superioridade dun sexo (masculino) sobre o outro (feminino).

**Sexismo benevolente ou sutil:** conxunto de actitudes estereotipadas cara ás mulleres considerándoas limitadas a certos roles desde un tono afectivo que impide percibir o efecto negativo.

**Sexismo tradicional ou hostil:** actitude negativa baseada na suposta inferioridade das mulleres como grupo.

**Sexo:** características biolóxicas dos seres humanos, diferenciais para varóns e mulleres.

**Solo pegañento:** aquelas inercias socioculturais que agrupan á maioría das mulleres nos postos inferiores da pirámide xerárquica laboral, asociando esta ocupación remunerada á suposta obriga da atención aos traballos domésticos e de coidados non remunerados.

**Teito de cristal:** aquelas barreiras e atrancos intanxibles que impiden ás mulleres unha axeitada promoción profesional e o acceso aos escalafóns xerárquicos superiores na súa vida laboral.

**Traballo vs. Emprego**: ao falar de traballo estase a falar daquelas actividades e tarefas que comprenden tanto o traballo produtivo coma o doméstico/reprodutivo, sexan remuneradas ou non. O emprego, pola contra, só se refire ao traballo que é remunerado.

**Traballo de igual valor**: análise comparativa entre distintos postos de traballo avaliando se lles corresponde un conxunto equivalente de requirimentos relativos ás capacidades, esforzo, responsabilidades e condicións de traballo.

**Traballo doméstico/reprodutivo**: aquel conxunto de actividades que se desenvolven no ámbito doméstico. Sen a cobertura destas tarefas, o traballo produtivo non sería posible e sería insostible o sistema económico actual. Xeralmente, este traballo é desenvolvido de xeito gratuíto por mulleres, agás nos casos nos que se externaliza e se converte en emprego remunerado, en condicións xerais de precariedade, para outras mulleres. Estas tarefas están conformadas polo coidado das persoas dependentes, organización, intendencia, planificación e mantemento do fogar, planificación da nutrición, hixiene, compra, etc.

**Transversalidade de xénero:** estratexia que implica a integración da perspectiva de xénero en todas as accións, áreas e políticas públicas sen excepción.

**Usos do tempo:** Contabilización dos usos que as persoas fan do seu tempo ao longo de cada día. Estes usos son diferenciais para homes e mulleres, na medida en que as enquisas ao respecto reflicten a desigualdade no tempo adicado ás tarefas domésticas, ao coidado de persoas dependentes, ao ocio, ao emprego ou ao desenvolvemento da vida e os intereses estrictamente persoais.

**Violencia de xénero:** todo acto de violento ou agresión, baseados nunha situación de desigualdade no marco dun sistema.

